



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de maio de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(436).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 20 de maio e ordinaria do 22 de maio de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(437).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS PROPIEDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10969/113.

Visto o informe xurídico de data 12/05/2026 e o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/04/2026, asinado polo técnico medio de sistemas, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e confor-

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 1 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de servizos de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo (expte. 10538/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño de 2025, á empresa IMATIA INNOVATION, S.L. por un prezo de 176.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 30.545,45 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 23/07/2025, entrou en vigor o 24/07/2025 rematando o 23/07/2026.

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 1 de abril de 2026, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requirirá acordo expreso da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, 2 prórrogas de 2 anos de duración cada unha”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2025 a 2026.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 2 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

“O pagamento farase efectivo a mes vencido tras a xustificación das horas empregadas para a realización das tarefas encomendadas e tras a presentación da correspondente factura que será conformada polo responsable do contrato.”

3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 352.000,00 € dos cales 61.090,90 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias en cada exercicio:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	22.314,05 €	4.685,95 €	27.000,00 €
2026	Mantemento Software propio	9320.2279901	30.991,74 €	6.508,26 €	37.500,00 €
2026	Mantemento Software	9207.2279902	55.785,12 €	11.714,88 €	67.500,00 €
Total			109.090,91 €	22.909,09 €	132.000,00 €

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	29.752,07 €	6.247,93 €	36.000,00 €
2027	Mantemento Software propio	9320.2279901	41.322,32 €	8.677,68 €	50.000,00 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	74.380,16 €	15.619,84 €	90.000,00 €
Total			145.454,55 €	30.545,45 €	176.000,00 €

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2028	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	7.438,02 €	1.561,98 €	9.000,00 €
2028	Mantemento Software propio	9320.2279901	10.330,58 €	2.169,42 €	12.500,00 €
2028	Mantemento Software	9207.2279902	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
Total			36.363,64 €	7.636,36 €	44.000,00 €

5. A empresa IMATIA INNOVATION, S.L., no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo.
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 3 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 53629-2026 recibida pola empresa con data 07/04/2026 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 1 de abril de 2026, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRIMEIRA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE 10538-113) polo período de dous (2) anos, do 24 de xullo de 2026 ao 23 de xullo de 2028, polo importe total de **352.000,00 € IVE** incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **132.000,00 € (IVE incluído)**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	22.314,05 €	4.685,95 €	27.000,00 €
2026	Mantemento Software propio	9320.2279901	30.991,74 €	6.508,26 €	37.500,00 €
2026	Mantemento Software	9207.2279902	55.785,12 €	11.714,88 €	67.500,00 €
Total exercicio 2026			109.090,91 €	22.909,09 €	132.000,00 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **220.000,00 € (IVE incluído)**, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	29.752,07 €	6.247,93 €	36.000,00 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Mantemento Software propio	9320.2279901	41.322,32 €	8.677,68 €	50.000,00 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	74.380,16 €	15.619,84 €	90.000,00 €
Total exercicio 2027			145.454,55 €	30.545,45 €	176.000,00 €

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2028	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	7.438,02 €	1.561,98 €	9.000,00 €
2028	Mantemento Software propio	9320.2279901	10.330,58 €	2.169,42 €	12.500,00 €
2028	Mantemento Software	9207.2279902	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
Total exercicio 2028			36.363,64 €	7.636,36 €	44.000,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(438).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS. EXPTE. 20825/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 19767/111

Sentenza nº 35 do 11 de febreiro de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 353/2025

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 5 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (caída na vía pública)
Expte(s): 7673/243
Contía: 6.945,84 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto polo actor, en materia de responsabilidade patrimonial.

O demandante, que circulaba en cadeira de rodas, na manobra de acceso á beirarrúa, semella que accedeu por un lugar non habilitado. A resolución conclúe que non se incumpriu norma algunha, e que o desafortunado accidente trae causa de non examinar correctamente o lugar máis propicio para o cruzamento, ou ben pola falta de asistencia dunha terceira persoa, pero non por defectos no dominio público municipal.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 19838/111

Sentenza nº 38 do 11 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 365/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 12/09/2025 desestimatoria de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)
Expte(s): 6951/243
Contía: 17.550,45 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso da demandante e confirma a resolución desestimatoria da reclamación por responsabilidade patrimonial por danos.

A actora pretendía 17.550,45 €, e a sentenza considera inexistente o defecto na vía pública. Circulaba por unha zona de obras, e a construtora contratada polo Concello instalou unha rampla para o paso, dotada de elementos de seguridade (zona de agarre, superficie estriada, cor amarela visible, ancho suficiente para o agarre, etc). Que a zona estaba en obras se trata de algo perceptible para unha persoa polo que tiña que extremar a precaución, complementariamente ao anteriormente exposto.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 20248/111

Sentenza nº 50 do 19 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 407/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: En materia de RPA (perda de axuda a aluguer ano 2023)
Expte(s): 7689/243
Contía: Indeterminada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 6 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Esta sentenza, firme por contía, estima parcialmente o recurso da actora e condena ao abono duns xuros que non se abonaron logo da estimación dunha reclamación por responsabilidade patrimonial.

A demandante solicitara unha axuda de tipo social para sufragar gastos de alugueiro, e por mor dun erro administrativo municipal, non a percibiu. A resolución administrativa recoñeceu o erro e estimou a reclamación polo importe da axuda que debía de percibir en caso de aportar o documento municipal, pero non se pronunciara sobre os xuros, que é só o estimado na demanda.

De modo que en execución de sentenza se abonarán os xuros correspondentes ao devengo entre a data da reclamación previa e ata o momento do seu pago.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer e executar a sentenza.

4.- Contencioso. Expediente nº 19804/111

Sentenza nº 41 do 12 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 360/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 05/08/2025 desestimatoria de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)
Expte(s): 7149/423
Contía: 7.331,55 €

Esta sentenza, firme por contía, estima parcialmente a demanda e condena ao abono de 6.000 euros.

A resolución, valorando a proba, considera que neste caso concorren as circunstancias para estimar a demanda. O obstáculo situado na vía pública e causante da caída era un elemento metálico sobre o pavimento, nunha zona moi céntrica (Porta do Sol), semella que non retirado por parte da empresa construtora que executara as obras na zona. Este elemento sobresaía, non era visible e provocou a caída da demandante. O monto da indemnización o leva a cabo o Tribunal de instancia a tanto alzado.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto e executar a sentenza, abonando ata o límite da franquía que corresponda.

5.- Contencioso. Expediente nº 19859/111

Sentenza nº 43 do 12 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 369/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en vivenda)
Expte(s): 7694/243
Contía: 1.815,00 €

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 7 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta sentenza, firme por contía, desestima o recurso interposto polo actor, por mor duns danos causados presuntamente pola execución dunhas obras, e que comportaron danos no interior da súa vivenda.

A resolución considera posible tal relación causal, pero moi feble a proba practicada, polo que desbota a súa relación directa. O demandante realizara en datas relativamente recentes traballos de acondicionamento da vivenda, e non se proba nin a entidade dos danos -só eran superficiais, case estéticos-, nin que afectasen a outros inmobles do mesmo edificio, tendo en conta que este inmovle é o segundo andar, e os ruídos e vibracións dunha obra se transmiten primeiramente ao primeiro andar. A ausencia de nexo causal é determinante.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 20249/111

Auto nº 16 do 9 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 414/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos causados por unha tapa de rexistro de saneamento)

Expte(s): 7513/243

Auto firme polo que se declara terminado o procedemento polo recoñecemento total en vía administrativa.

A demandante presentara RC-A contra a desestimación municipal por silencio, da RPA presentada polos danos padecidos no seu vehículo como consecuencia do mal estado no que se atopaba unha tapa de rexistro de saneamento, responsabilidade da concesionaria Aqualia.

A aseguradora de Aqualia procedeu ao pagamento do importe reclamado pola demandante; acreditouse dito pago ante o XCA-2, e o xulgado procedeu ao arquivo das actuacións polo recoñecemento das pretensións da demandante.

O auto foi ditado sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 20105/111

Sentenza nº 72 do 27 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 400/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de data 29/09/2025 desestimatoria de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7600/243

Contía: 14.083,90 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 8 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Sentenza firme pola que se desestima o RC-A interposto pola demandante, contra a desestimación da RPA presentada ante o Concello, na que reclamaba 14.083,90 euros, incrementada nos intereses legais, por unha caída que padeceu nunha beirarrúa mentres camiñaba polo estado dunha lousa minimamente elevada.

No acto da vista o Concello defendeu a escasa elevación da lousa, confirmada polo informe da Policía Local no que se constata que a lousa non se balanceaba nin se movía e presentaba unha escasa elevación, polo que se alegou a inexistencia do nexo causal entre unha actuación anormal da administración e a caída da demandante. Tampouco queda constata da a valoración da indemnización reclamada xa que non de aporta proba fidedigna que así a constate.

A sentenza desestima o RC-A por canto a caída, derivada dun tropezco nun obstáculo de dimensións insignificantes entraña un dano non antixurídico que debe soportar o administrado "desde el mismo momento en que participa del servicio público de aceras o calzada, porque no se puede pretender que la totalidad de aceras o calzadas de un casco urbano se encuentren absolutamente perfectas en su conservación y rasante" tal e como ven recoñecendo a xurisprudencia. E a demandante non aportou proba suficiente para desvirtuar o recollido no atestado policial.

Contra a sentenza non cabe recurso e foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase conta desta resolución ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial para o seu coñecemento.

8.- Contencioso. Expediente nº 19228/111

Sentenza nº 86 do 14 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 265/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en vehículo pola caída dunha árbore)

Expte(s): 7556/243

Contía: 1.673,97 €

A sentenza, firme, desestima os recursos acumulados de Axa Seguros Generales S.A e UTE Acciona Medio Ambiente S.A y Manten S.L (contratista do servizo de mantemento de zonas verdes) ao considerar que de conformidade cos Pregos do contrato a responsabilidade polos danos ocasionados pola caída da árbore corresponde á empresa contratista por un deficiente deber de vixilante e control do seu estado de conservación.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

9.- Contencioso. Expediente nº 20011/111

Sentenza nº 92 do 23 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 448/2025

Demandante/Recorrente: Particular

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 9 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Obxecto: Resolución desestimatoria de reclamación RPA (caída na vía pública)
Expte(s): 6775/243
Contía: 1.252,77 €

A sentenza firme desestima o recurso ao considerar que non existe responsabilidade do Concello de Vigo na caída que se produciu ao tropezar cunha baldosa levantada xa que se trata dun defecto mínimo dun resalte de 1 cm, polo que non existe unha actuación antixurídica da Administración.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

10.- Contencioso. Expediente nº 20062/111

Sentenza nº 99 do 4 de maio de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 437/2025
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA
Expte(s): 7632/243
Contía: 537,24 €

Sentenza pola que se estima o RC-A interposto contra a desestimación por silencio da RPA presentada pola C.P. do edificio sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas, na que reclamaba 537,24 euros en concepto de indemnización polos danos padecidos no seu garaxe como consecuencia da filtración de augas procedente do parque municipal co que linda.

As empresas concesionarias e adxudicatarias dos servizos municipais foron emprazadas (Aqualia e UTE Zonas Verdes), pero só se personou a primeira, que se remitiu aos informes aportados ao expediente nos que se recollía o resultado da inspección efectuada e que constataron que as fugas de auga proveñen dos regos do parque, responsabilidade da adxudicataria do servizo de mantemento do parque.

A adxudicataria do servizo de parques non se personou nin aportou alegacións no trámite de audiencia no expediente administrativo.

O Concello aportou no acto da vista proba acreditativa de que ditos danos eran responsabilidade da adxudicataria conforme ao PPT regulador do contrato.

A sentenza estima o RC-A e imputa a responsabilidade ao Concello de Vigo anulando o acto desestimatorio, e condena ao Concello ao pago do importe reclamado incrementado co Índice de Garantía da Competividade. Contra a mesma non cabe recurso. Impóñenselle as custas ao Concello de Vigo por importe de 200 euros máis IVE.

Darase conta desta resolución ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial para o seu coñecemento.

11.- Contencioso. Expediente nº 19872/111

Sentenza nº 102 do 4 de maio de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 10 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Abreviado: 415/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en inmovible por filtración)

Expte(s): 7591/243

Contía: 1.227,49 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima integramente o recurso presentado pola C.P. Sobreiro 100 contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados pola defectuosa impermeabilización dunha arqueta próxima que xeraba filtracións no soto e rocho do edificio. Do conxunto da proba practicada quedou descartado que as filtracións procedan da arqueta próxima, e non quedou acreditada a posible causa das filtracións.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

12.- Contencioso. Expediente nº 18845/111

Sentenza nº 64 do 24 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Ordinario: 171/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Acordo da XGL do 07/03/2025 desestimatorio de recurso de reposición formulado contra outro do 20/12/2024

Expte(s): 17022/240

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Sentenza firme pola que se desestima o RC-A interposto pola FAVEC contra a resolución municipal do 07/03/2025 que desestimou o recurso de reposición interposto pola actora contra o AXGL 20/12/2024 no que se acordou declarar extinguida a cesión de uso do inmovible municipal sito no núm. 7 da Pr. Princesa, segundo andar, por causa de interese público municipal.

Neste procedemento, foron oídas tanto as partes como o Ministerio Fiscal, para que alegasen sobre a carencia de xurisdición deste órgano para o coñecemento do presente asunto, e a procedencia de que fora a orde civil a competente. Tanto o Ministerio Fiscal como as partes postularon a xurisdición contencioso-administrativa como a propia para dirimir o litixio.

O Concello defendeu o asunto indicando que non estamos ante un contrato senón ante un convenio formalizado ao abeiro da normativa patrimonial dos bens da Administración, sen a normativa predominante a administrativa; que estamos ante unha extinción dun convenio asinado motivado nunha das causas previstas polo mesmo; a localización nese inmovible da oficina de rehabilitación motiva esa extinción da cesión de uso; non estamos ante un suposto de desviación de poder xa que consta tramitado o oportuno procedemento legalmente establecido, motivado, que persegue o fin axeitado ao mesmo.

O xulgado confirma o alegado polo Concello con indicación, a mais, de que "la prueba desplegada por la actora en nada ha auxiliado su pretensión, especialmente la testifical, y se ha revelado inútil para su éxito".

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 11 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 20258/111

Sentenza nº 80 do 14 de abril de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 413/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolucións sancionadoras de data 24/10/2025
Expte(s): 351184/280
Contía: 400,00 €

Sentenza firme pola que se desestima o RC-A interposto pola demandante, contra dúas sancións impostas polo Concello de Vigo, unha delas por darlle un golpe a un vehículo e non comunicar nin á Policía nin ao titular do vehículo afectado os feitos e os seus datos para tramitar canto antes o suceso ante as compañías de seguros; e a outra, por non colaborar coa Policía Local para esclarecer os feitos, unha vez que foron coñecidos por parte da Policía Local, a través dunha testemuña que presenciou os mesmos.

A demandante non presentou proba co fin de desacreditar o recollido nas dilixencias policiais; no acto da vista compareceu o axente de policía que tramitou as denuncias, quen explicou os feitos e os tipos de infracción recollidos na súa acta. O xulgador entende que a proba policial é a que prevalece neste caso, xa que nada aportou a demandante nin negou os feitos, alegando unha actitude policial desproporcionada e non axustada a Dereito.

A sentenza desestima o RC-A, sen imposición de custas.

Darase conta desta resolución ao servizo de Seguridade e á Policía Local para o seu coñecemento.

14.- Contencioso. Expediente nº 19873/111

Auto nº 5 do 27 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 372/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Sanción por infracción de tráfico
Expte(s): 349911/280

Esta resolución, firme, declara a caducidade do recurso por non emendar o demandante o defecto procesual advertido polo Tribunal de Instancia (falta de postulación).

O obxecto do recurso o constituía unha resolución ditada nun procedemento sancionador en materia de tráfico rodado.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 12 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

15.- Contencioso. Expediente nº 20278/111

Auto nº 13 do 23 de febreiro de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 3/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de data 05/11/2025 ditada en expediente sancionador

Expte(s): 348902/280

Esta resolución, firme, declara a caducidade do recurso interposto polo demandante e comporta o arquivo do mesmo.

O obxecto do recurso o constituía unha resolución ditada nun expediente sancionador.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 20480/111

Auto nº 21 do 24 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Peza separada de medidas cautelares: 12/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Solicitude de medidas cautelares no seo do Procedemento Abreviado 12/2026 (expediente nº 20479/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución de data 01/12/2025 ditada en expediente sancionador

Expte(s): 351390/280

Auto firme que desestima a medida cautelar solicitada polo demandante, consistente na suspensión do procedemento sancionador de tráfico, por canto "sin prejuzgar el fondo del asunto y efectuando una ponderación de los intereses en conflicto debe concederse prevalencia al interés general que es el que defiende prima facie la demandada, no puede adoptarse la medida cautelar porque no concurre el presupuesto esencial para su estimación, la existencia de peligro en la tardanza procesal, sin perjuicio de la absoluta y sencilla reversibilidad de la decisión administrativa, en caso de que prospere la demanda contenciosa".

O auto foi ditado con expresa imposición de custas de 50 euros ao demandante.

Darase traslado deste auto á Recadación Executiva para o seu coñecemento.

17.- Contencioso. Expediente nº 20371/111

Sentenza nº 79 do 30 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 24/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de data 16/01/2026

Expte(s): 6270/550, 494731/700

Contía: 1.307,09 €

S.ord. 29/05/2026



A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto contra a resolución do TE-A de Vigo de 16 de xaneiro de 2026, desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada fronte á resolución desestimatoria da solicitude de devolución de ingresos indebidos por importe de 1.307,09 euros derivados do pago dunha sanción de tráfico do ano 2017, declarando conforme a dereito a resolución.

No FD 2º cita o réxime aplicable ás notificacións e analiza as practicadas, concluíndo que cumpriron os requisitos esixidos na normativa sen que transcorrera en ningún momento o prazo de prescrición previsto no artigo 66 da LXT.

Deben coñecer o resolto o TE-A e o departamento de Recadación Executiva.

18.- Contencioso. Expediente nº 20271/111

Auto nº 45 do 30 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 7/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de solicitude de 10/04/2025 de devolución de importe de 847,31 € indebidamente embargado

Contía: 847,31 €

Auto polo que se ten por desistida á parte demandante por canto había un avogado personado no procedemento con poder suficiente para actuar en nome do recorrente que non acudiu a representalo e asiste á vista unha letrada en substitución do primeiro, sen acreditar poder de representación.

Contra este auto cabe recurso de apelación. Sen custas.

Darase conta deste Auto á Recadación Executiva para o seu coñecemento.

19.- Contencioso. Expediente nº 19809/111

Sentenza nº 82 do 30 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 421/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de data 15/09/2025, desestimatoria de reclamación económico-administrativa

Expte(s): 6226/550, 483171/700

Contía: 11.353,27 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a derivación de responsabilidade tributaria por débedas do IBI así como a providencia de apremio por falta de pagamento en período voluntario foron notificadas correctamente a través de medios electrónicos ao tratar-se dunha persoa xurídica e non ter transcorrido o prazo de prescrición de conformidade co art. 67 da LXT.

Non se impoñen custas.

Deben coñecer o resolto Recadación Executiva e o Tribunal Económico-Administrativo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 14 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

20.- Contencioso. Expediente nº 20176/111

Sentenza nº 71 do 6 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 405/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo do TE-A de 22/08/2025 (perda da exención da taxa de recollida de residuos urbanos para os exercicios 2023-2025)

Expte(s): 6207/550

Contía: Indeterminada

Sentenza firme que desestima o RC-A interposto contra o acordo do Tribunal Económico-Administrativo que desestimaba a reclamación económico-administrativa interposta contra a resolución municipal que deixa sen efecto a redución do 100% da taxa do lixo da demandante, por convivencia con outra persoa no ano 2025. A sentenza desestima o RC-A por canto a actuación municipal é axustada a Dereito por canto "comunicado al Concello de Vigo, la modificación operada en su vivienda, en cuanto al número de personas que la habitan. La prueba presentada por la demandada en el acto del juicio, así lo acredita, como también prueba que la exención tributaria le ha sido reconocida nuevamente a la recurrente para el trienio en curso, 2026-2028." Polo que se axusta ao establecido no art. 5.3.14 da Ordenanza 16, sobre taxa de lixo.

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas á demandante (100 euros).

Darase traslado desta resolución á xefatura do servizo de Ingresos e ao TE-A, para o seu coñecemento.

21.- Contencioso. Expediente nº 19187/111

Sentenza nº 70 do 26 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 225/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo, ao non ter resolto nin emitido certificación ningunha trala solicitude de alta no padrón de habitantes do 15/02/2024

Expte(s): 63998/234

Contía: Indeterminada

A sentenza desestima o recurso interposto contra a inactividade do Concello de Vigo consistente na ausencia do empadramento do actor nun vehículo e na súa total ausencia de resposta á solicitude presentada o 15/02/2024.

No FD 1º razoa que para admitir o empadramento nun vehículo é preciso que perda a súa condición móbil para converterse nun domicilio que goce das notas de estabilidade e permanencia.

No FD 2º alude a que o completo informe emitido polo Servizo de Estatística unha vez pendente o litixio con cita de normativa que permitiría desestimar a solicitude, debeu terse realizado tempestivamente con notificación ao interesado.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 15 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

E no FD 3º cita a STS de 13 de novembro de 2025 sobre o sentido do silencio administrativo, que engade un requisito máis aos previstos na lexislación para a súa operatividade: que o dereito, beneficio ou garantía que se recoñeza ao interesado como consecuencia do silencio positivo sexa acorde co ordenamento xurídico, motivo polo que procede a desestimación do recurso.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Estatística.

22.- Contencioso. Expediente nº 19319/111

Sentenza nº 127 do 31 de marzo de 2026

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7198/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Apelación da sentenza nº 175 do 30 de xuño do 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela no Procedemento Ordinario 31/2022 (expediente nº 12715/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de "Explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións, Fornelos de Monte e Ponte Candelas (Pontevedra)"

Expte(s): 419/441

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, contra a que só é posible promover recurso de casación, desestima o recurso interposto polo Concello e confirma a sentenza de instancia, do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela.

Esta sentenza tiña por obxecto a desestimación do requirimento previo formulado fronte a Augas de Galicia de nulidade e anulabilidade da aprobación do expediente de contratación, anuncio e pregos do contrato de servizo para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, ampliado logo á resolución de adxudicación dese contrato.

A sentenza, logo de recoller a postura de cada parte e os antecedentes, entende que as prestacións que se discutían polo Concello como susceptibles de interferencia no título concesional do Concello e nos traballos da concesionaria municipal forman parte do título competencial autonómico, "a las que no puede renunciar la Administración Autonómica". Só entende como probado o dereito á captación da auga por parte do Concello ao amparo da súa concesión. Esta sentenza afirma que non se demostrou que coa aprobación do prego da contratación de Augas de Galicia se interferise na competencia municipal, nin tampouco unha vulneración das normas de explotación da presa e da normativa técnica aplicable a este tipo de instalacións.

A contratación de Augas de Galicia tivo lugar dentro do marco das súas competencias funcionais en materia de seguridade de grandes presas, e para o desenvolvemento de traballos necesarios no marco da xestión e explotación da presa. E insiste en que da proba practica-da tampouco se conclúe que exista unha incompatibilidade no exercicio das labores propias do ámbito autonómico e do municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 16 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

A área de Fomento debe coñecer do resolto.

23.- Contencioso

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Vigo

Ordinarios

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución desestimatoria de recurso de reposición interposto contra resolucións desestimatorias de outorgamento de licenzas urbanas para vehículos de arrendamento con condutor (VTC)

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Ordinario	Núm. Praza	Núm. Decreto	Data Decreto	Expediente administrativo
20455/111	31/2026	2	6	27/02/2026	5098/449
20459/111	33/2026	2	7	27/02/2026	5098/449
20458/111	35/2026	2	8	27/02/2026	5098/449
20451/111	42/2026	1	13	26/03/2026	5098/449
20081/111	453/2025	1	23	28/04/2026	5098/449 5128/449

Estas resolucións, firmes, acordan a desistencia da sociedade demandante, á súa instancia, por mor dun erro na presentación do recurso. A desistencia comporta o arquivo dos procedementos.

O obxecto dos recursos o constituía a desestimación do recurso presentado contra a desestimación das solicitudes de autorización de transporte urbano de vehículos de transporte con condutor (VTC) para unha relación de vehículos.

O servizo de Transportes debe coñecer do resolto.

24.- Contencioso

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acta de inmovilización de vehículo (VTC)

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Abreviado	Núm. Auto	Data Auto	Expediente administrativo
20583/111	79/2026	28	14/04/2026	5508/449
20692/111	97/2026	33	16/04/2026	5508/449

Autos polos que se declaran terminados os procedementos relativos aos RC-A interpostos contra a inmovilización municipal de VTC.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 17 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As demandantes solicitan a terminación dos procedementos por ter recoñecido a Administración demandada totalmente as pretensións das recorrentes, consistentes na retirada do vehículo do depósito municipal.

Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado destas resolucións ao servizo de Transportes e ao servizo de Seguridade e Mobilidade para o seu coñecemento.

25.- Contencioso. Expediente nº 20083/111

Sentenza nº 67 do 24 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 397/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Acordo da XGL do 08/08/2025 de aprobación das bases reguladoras para a provisión do posto de traballo denominado "Xefe/a do Servizo de Contabilidade Municipal"

Expte(s): 1915/1102

Contía: Indeterminada

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto pola Federación de Servicios para la Ciudadanía-Sindicato Nacional de CCOO Galicia, contra o acordo da XGL de 08/08/2025 que aprobou as bases reguladoras para a provisión do posto de traballo denominado "Xefe/a do Servizo de Contabilidade Municipal" así como a convocatoria e os seus actos de execución, que considera conforme a dereito.

No FD 1º concreta a actuación impugnada e non advirte extemporaneidade na interposición do recurso (considerando como "dies a quo" a data de publicación do acordo no BOE).

No FD 2º o motivo impugnatorio que radica no carácter aberto da convocatoria que posibilita a participación de funcionarios que non prestando os seus servizos no Concello de Vigo, reúnan os demais requisitos esixidos na convocatoria, xa fora formulado no tramite administrativo previo a adopción do acordo e desestimado, transcribindo a argumentación utilizada.

No FD 3º conclúe que a actuación combatida é respectuosa coa lei, co acordado na Mesa de Negociación e coa sentenza ditada polo mesmo Tribunal no PA 180/2020, que non abor dou esta concreta cuestión.

Razoa que o discutido non é o feito de abrir a convocatoria a persoal doutras Administracións (que é unha posibilidade prevista na lei), senón a súa concreta materialización remitida as concretas convocatorias previa discusión na Mesa de Negociación, o que respecta o principio xeral de que os concursos se oferten ao persoal do Concello de Vigo, non sendo este un principio absoluto, podendo ceder ante a necesidade de cubrir os postos de traballo ou garantir a súa cobertura. O acordo nin incorre en arbitrariedade nin vulnera o artigo 38.5 da LEPG.

No FD 4º inclúe unha reflexión que debería ser corrixida en sucesivas RPTs: a actual RPT (apartado 11) do Concello de Vigo cumpre só indirectamente a esixencia do artigo 38.5 da LEPG, pois o precepto citado esixe que sexa a RPT e non a convocatoria a que expresa-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 18 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

mente sinala os postos abertos a provisión por persoal procedente doutras Administracións; pero non sendo a RPT o impugnado non cabe a súa anulación.

Deben coñecer o resolto a área de RRHH e Formación e a Secretaria de Goberno Local.

26.- Contencioso. Expediente nº 20667/111

Decreto nº 20 do 20 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 104/2026

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de solicitude presentada en data 20/02/2020 (complementos de festividade e nocturnidade e horas extraordinarias)

O decreto acordo ter por desistido ao recorrente declarando a terminación do procedemento e o arquivo das actuacións.

Debe coñecer o resolto a área de RRHH e Formación.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 18233/111

Sentenza nº 585 do 5 de febreiro de 2026

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 4397/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Suplicación – Auto ditado polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo no Procedemento Execución de Títulos Xudiciais nº 173/2024

Obxecto do procedemento de orixe: Modificación substancial das condicións laborais dos traballadores do Servizo de VigoZoo

Expte(s): 44346/220

A sentenza, firme, resolve o recurso de suplicación interposto polo sindicato na peza de execución do conflito colectivo promovido contra a modificación do calendario de traballo no VigoZoo/Vigo Nature.

Ao existir un novo calendario de data posterior, non impugnado, o de autos quedou sen efecto, substituído polo último, e determinando a imposibilidade de executar a sentenza por carencia sobrevida de obxecto.

A área de RRHH e Formación e o servizo de Medio Ambiente deben coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 18591/111

Sentenza nº 116 do 20 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 2 de Vigo

Ordinario: 229/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

S.ord. 29/05/2026



Obxecto: Reclamación de cantidades (nocturnidade/festividade) (Parque Central de Servizos)

Contía: 2.591,74 €

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso e condena a abonarlle ao demandante 2.591,74 € maillos xuros.

A controversia xa se atopa resolta con carácter xeral dende hai máis dunha década (STS do 8/6/2016 con relación á STXUE 22/07/2014) e pola súa vez con respecto ao caso concreto do Concello de Vigo na STSX de Galicia do 04/12/2025.

Trátase do dereito a percibir as cantidades en concepto de nocturnidade e festividade durante os períodos desfrutados de vacacións e permisos.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto, tramitar de oficio o abono en supostos semellantes cando se lle traslade copia da demanda -ao non ser esixible a presentación de reclamación previa- e executar esta sentenza.

3.- Social. Expediente nº 17289/111

Sentenza nº 128 do 23 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 3 de Vigo

Ordinario: 418/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades (productividade pola realización de tarefas administrativas non recollidas na guía de funcións de Oficial de Instalacións) (Servizo de Deportes)

Expte(s): 43576/220

Contía: 993,41 €

Esta sentenza, firme por contía, estima o recurso da demandante e lle recoñece o dereito a percibir a cantidade recollida na resolución xudicial.

A actora, empregada pública municipal adscrita ao servizo de Deportes, manifestou na demanda que realizou funcións dunha categoría superior á recoñecida de oficial de instalacións deportivas. A sentenza entende acreditado pola proba testemuñal que realizou tales tarefas: "No corresponde a la trabajadora demandante examinar ni valorar si la orden de realización de funciones se ajusta o no a los criterios para la asignación del complemento retributivo de productividad, porque no es obligación suya comprobar si quién le daba la orden de realizar las tareas administrativas disponía o no de dicha autorización. A ella le corresponde acatar la orden si no es ilegal, y no lo era, y cumplir con el encargo encomendado, sin perjuicio de la responsabilidad del superior o de quién le haya dado la orden, si no siguió para la designación el procedimiento previsto por la normativa del Concello. Pero, lo cierto, y así ha quedado acreditado por las testificales, es que la demandante sí realizó las tareas administrativas que llevan aparejadas el percibo de la productividad reclamada."

A área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto, así como o servizo de Deportes, a fin de executar a sentenza e adoptar as medidas que en dereito procedan.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

4.- Social. Expediente nº 17652/111

Sentenza nº 136 do 26 de marzo de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 5 de Vigo
Ordinario: 754/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades (directora en Obradoiros de Em-
prego).

Sentenza estimatoria parcial, recorrida en suplicación, pola que se recoñece á traballadora do Obradoiro de Emprego (Directora) o dereito ao recoñecemento de persoal laboral fixo do Concello de Vigo e a indemnización das diferencias retributivas co posto do grupo A1 dun/ha funcionario/a de carreira.

O Concello defendeu a desestimación do reclamado á vista de que a contratación deste tipo de persoal de obradoiros ten carácter temporal, que non hai continuidade na contratación xa que está relacionada con obradoiros de emprego concretos con data de inicio e fin determinado e que os contratos deste persoal responden a un tipo contractual vencellado ao fomento do emprego, abeirados na Lei de Emprego, que permiten esta contratación temporal.

Pola contra o xulgado entendeu que estamos ante unha contratación temporal fraudulenta, que a pesar dos diferentes tipos contractuais formalizados polo Concello coa traballadora non houbo ruptura contractual xa que o obxecto da contratación sempre respondeu aos obradoiros de emprego municipais; e que procede o recoñecemento da traballadora como contratada laboral indefinida (pero non fixa tal e como pretendía) xunto á indemnización reclamada de 14.128,08 € polas diferencias salariais entre os meses de agosto de 2023 e outubro de 2024 ás dun posto de funcionaria do grupo A1, ao que se lle engade un recargo por mora do 10 % en cómputo anual.

Sen custas.

Darase conta desta resolución a RRHH e ao servizo municipal de Participación Cidadá e Emprego para o seu coñecemento.

5.- Social. Expediente nº 18773/111

Sentenza nº 1451 do 26 de marzo de 2026
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 3632/2025
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 165/2025 do 21 de abril do 2025 ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 109/2025 (Expediente nº 18391/111)
Obxecto do procedemento de orixe: En materia de contías (Axudante Mantemento IMD)
Expte(s): 45897/220, 44666/220, 44238/220

Sentenza firme que desestima o recurso de suplicación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Social nº 1 pola que se recoñece á traballadora municipal

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 21 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(persoal laboral) o complemento de produtividade reclamado ante o Concello pola realización de tarefas dun posto de superior categoría (oficial de instalacións) durante o ano 2024, por orde expresa da xefatura de Deportes e pola Concellería competente.

A sentenza do TSXG confirma a sentenza de instancia, de xeito que recoñece o dereito reclamado pola traballadora, que incluírá todos os conceptos retributivos aos do posto de superior categoría, e os días de vacacións e asuntos propios nos que a traballadora non realizou traballo efectivo.

O pronunciamento segue o criterio doutras sentenzas xa ditadas sobre este tipo de reclamacións.

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas (750 euros IVE engadido) ao Concello.

Darase traslado desta sentenza á xefatura de Deportes e a RRHH para o seu coñecemento e efectos.

6.- Social. Expediente nº 20502/111

Decreto nº 139 do 20 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 1 de Vigo

Ordinario: 85/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución dos recursos de alzada presentados na OEP estabilización-concurso-tribunal 3, das prazas C1-AP laboral-funcionario e proposta de nomeamento de data 22/04/2025

Expte(s): 43791/220, 44806/220

Contía: Indeterminada

Decreto polo que se ten ao actor por desistido da súa demanda e se arquivan os autos. A demanda tiña por obxecto a resolución municipal do procedemento de estabilización (nomeamento e lista de reserva) para a cobertura dunha praza de oficial sepultureiro.

O actor pretendía que se lle valorasen uns méritos profesionais e formativos que non se presentaron dentro do prazo establecido polas bases reguladoras do mesmo, e poder quedar así dentro da listaxe de reserva para chamamentos.

Unha vez remitido o expediente polo Concello ao Xulgado do Social correspondente, e antes da celebración da vista, o demandante desistiu da súa demanda.

Sen imposición de custas.

Darase traslado do mesmo á xefatura de área de RRHH para o seu coñecemento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así co-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 22 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

mo o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 23 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4(439).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DAS BASES DO «PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2026-2027». EXPTE. 297293/301.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/05/2026, asinado polo asesor xurídico adxunto a Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 27.03.2026, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2026-2027», elaboradas polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 291529/301). Bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 62, do 01.04.2026.

I.2. Contra estas Bases e as resolucións administrativas adoptadas na súa execución podía interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais (Base Décimo cuarta: “Reclamacións”).

I.3. Dª. Raquel Comesaña Cabaleiro (DNI n.º ****2898**) deduciu en prazo e forma recurso potestativo de reposición contra aquel acordo da Xunta de Goberno local aprobatorio das Bases e convocatoria das axudas municipais escolares, co contido que será obxecto de análise neste informe-proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 24 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2026-2027».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Raquel Comesaña Cabaleiro o 26.04.2026 dirixese contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 27.03.2026, polo que se aprobaron as Bases e a convocatoria do Programa de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2026-2027»; publicadas no BOPPO nº 62, do 01.04.2026.

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade e dirixese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando que se modifiquen as Bases no sentido pretendido pola recorrente:

“1.- Tengan a bien el corregir estas bases de la convocatoria en el punto expresado, ya que carece de base jurídica que fundamente su existencia. 2.- Una vez comprobado que el punto 1 de lo que solicito se ajusta a derecho, exijo las responsabilidades disciplinarias para los funcionarios que han tenido dicha iniciativa. Espero que se abra expediente disciplinario a quien corresponda y, tras las investigaciones necesarias, se depuren responsabilidades”.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 25 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

III.4. Examinado o seu contido propónse á Xunta de Goberno Local desestimar expresamente o recurso potestativo de reposición da Sra. Comesaña Cabaleiro polas seguintes razóns:

1) A recorrente manifesta o seu desacordo co inciso final da Base sétima (Apdo. 7.7). no que se indica o seguinte:

“7.7. De ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

. Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).

. Recibos de pagamento dos dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual. Non se terán en conta as eventuais amortizacións de data posterior á indicada”.

Na súa opinión tal inciso *“contradice los artículos 28.1, 76.1, 76.2 y 77.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPACAP). Artículos que transcribo y añadido al presente escrito para mayor comodidad. Y a su vez, obviamente, incumple todos los principios recogidos en el artículo 9.3 de nuestra Constitución Española”* (sic).

En realidade, ningunha vulneración legal nin constitucional supón a introducción desa precisión nas Bases do Programa axudas municipais escolares para o curso 2026-2027; Bases que constitúen o marco normativo de referencia e conteñen as regras particulares aplicables a esta liña de subvencións.

A necesidade de acotar os gastos deducibles correspondentes ó aluguer ou amortización de hipoteca da vivenda habitual para o cálculo da renda da unidade familiar está plenamente xustificada e é congruente coa establecida xa para os gastos de aluguer na mesma Base sétima (Apdo. 7.6), na que se sinala que, para poder ter en conta a dedución por aluguer, as persoas solicitantes debían achegar, ademais do correspondente contrato:

*“...dous (2) xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous (2) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes”, engadindo inmediatamente a seguir que: “**Non se terán en conta os recibos de aluguer posteriores á data indicada** nin tampouco aqueles nos que non consten os seguintes datos: - Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura) - Identificación do/a arrendatario/a (inquilino/a) - Enderezo da vivenda alugada - Mes e importe pagado”.*

2) En consecuencia, a precisión introducida nas Bases deste ano a respecto das amortizacións de hipoteca posteriores á apertura do prazo de solicitudes unicamente pretende clarear, despexando calquera posible dúbida ó respecto, os gastos que por este concepto son deducibles no cálculo da renda da unidade familiar, ata o máximo permitido (600€/mes); exactamente o mesmo que xa se contemplaba para os alugueres.

3) Como ben se pode comprender, non existe ningunha razón válida en Dereito para establecer unha diferenciación entre as persoas solicitantes que poden deducir os seus gastos de aluguer achegando os 2 xustificantes/recibos pagados dos 2 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes (sen posibilidade de ter en conta os recibos de aluguer posteriores: Base 7.6) e as que están a pagar a hipoteca da súa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 26 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

vivenda habitual, que para obter o mesmo resultado deben achegar tamén os recibos de pagamento dos 2 meses anteriores á apertura dese prazo (sen posibilidade de ter en conta as amortizacións posteriores: Base 7.7).

4) A razón pola que, en ámbolos dous casos, establécese esa data límite atópase no procedemento específico de tramitación e resolución desta convocatoria pública de axudas: o Servizo xestor (Benestar Social) debe dispoñer de toda a documentación necesaria esixida polas Bases antes de solicitar os datos económicos á AEAT (normalmente dispoñibles no mes de xullo), o que fai imprescindible pechar antes o proceso de recollida do resto da documentación.

5) Nun procedemento complexo e de concorrencia masiva como este, cunhas 1.500 solicitudes anuais de axudas de libros e material escolar en educación infantil e de 4.000 solicitudes de bolsas de comedor, distribuídas en 69 colexios da cidade, resultaría totalmente inviable ter en conta, xusto ata o momento da resolución da convocatoria pola Xunta de Goberno Local, todas as eventuais modificacións dos importes dos alugueres ou das amortizacións de hipoteca posteriores á data fixada nas Bases.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar integramente o recurso potestativo de reposición presentado en data 26.04.2026 por D^a. Raquel Comesaña Cabaleiro (DNI n.º ***2898**) contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 27.03.2026, polo que se aprobaron as Bases e a convocatoria do Programa de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2026-2027»; publicadas no BOPPO nº 62, do 01.04.2026, polos motivos expostos no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 27 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5(440).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "VIVA SUECIA". EXPTE. 10620/335.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxecto e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Viva Suecia" (10620-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "VIVA SUECIA" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 459.800,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 380.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 18 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 18 de maio de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 28 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Cuarto.- O 22 de maio de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 29 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 22 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Viva Suecia" (10620-335) por un prezo total de 459.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 79.800,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(441).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “IVÁN FERREIRO”. EXPTE. 10623/335.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxecto e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Iván Ferreiro" (10623-335) (PCAP)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 30 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “IVAN FERREIRO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 217.800,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 180.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 18 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 18 de maio de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 22 de maio de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma”.*

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 31 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 22 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Iván Ferreiro" (10623-335) por un prezo total de 217.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.800,00 euros".

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 32 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(442).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “THE CORRS”. EXPTE. 10624/335.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxecto e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "The Corrs" (10624-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “THE CORRS” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 459.800,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 380.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 33 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- O 11 de maio de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL.

Terceiro.- O 15 de maio de 2026 GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 19 de maio de 2026, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *"dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma"*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *"Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 34 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 19 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de “The Corrs” (10624-335) por un prezo total de 459.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 79.800,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(443).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “MOLOTOV”. EXPTE. 10639/335.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxecto e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 35 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Molotov" (10639-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "MOLOTOV" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 11/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 11/05/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 175.450,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 145.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 15 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 15 de maio de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 19 de maio de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *"dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma"*.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 36 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

Quinto.- Con data do 19 de maio de 2026 o concelleiro da área de goberno de Fomento, Servizos e Deportes, en virtude de delegación da Alcaldía de 15 de maio de 2026, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de “Molotov” (10639-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación:

- *Para a acreditación da solvencia económica e financeira, deberá achegar documento de aprobación e inscrición no Rexistro Mercantil das contas anuais do 2024 presentadas no sobre A xa que na documentación aportada soamente figura o acuse de recibo.”*

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, o día 19 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- Con data 20 maio de 2026 reúnense a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxecto e revisada a documentación presentada pola licitadora comprobando que é correcta. Asemade, figuran no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social. En vista do anterior procede formular proposta de adxudicación ao abeiro do previsto na cláusula 18.2 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 37 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 19 e 20 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B e de comprobación da documentación para a adxudicación deste procedemento, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de “Molotov” (10639-335) por un prezo total de 175.450,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.450,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(444).- ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DOS RÓTULOS IDENTIFICATIVOS DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS (1ª FASE). EXPTE. 63989/234.

Visto o informe de fiscalización de data 19/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 04/03/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do subministro dos rótulos identificativos das vías públicas municipais (1ª fase) (63989-234) (emenda de documentación)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 38 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do subministro dos rótulos identificativos das vías públicas municipais (1ª fase) (63989-234)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO DE RÓTULOS IDENTIFICATIVOS DOS VIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS (1º FASE), cun orzamento base de licitación de cento corenta e nove mil novecentos dezanove euros (149.919 €) para a anualidade 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, asinado pola xefa do servizo de Estatística con data 03/11/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola xefa do servizo de Contratación con data 21/11/25, que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 149.919 € (IVE incluído) , con cargo a aplicación orzamentaria 9231/2219902 “Plan renovación placas identificativas en rúas”.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 5 de febreiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dos rótulos identificativos das vías públicas municipais (1ª fase) (63989-234) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Porcentaxe de desconto
1	API MOVILIDAD, SA	18,50 %

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 39 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	Licitador	Porcentaxe de desconto
2	SEÑALIZACIONES VILLAR, SA	10,52 %
3	ZONA DE OBRA O ROSAL, SL	7,50 %
4	PROSEÑAL, SLU	0,00 %

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, SA, o día 6 de febreiro de 2026, que presenta a documentación requirida o 13 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 26 de febreiro de 2026, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a API MOVILIDAD, SA para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación do plan de igualdade e de contar cun mínimo de 2 % de traballadores con discapacidade. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran a constitución da mercantil cos estatutos co obxectos social e a representación da mesma, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (86.730,00 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 40 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (104.943,30 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Plan de igualdade e certificado de inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade
- Resolución estimatoria da Dirección xeral do Servizo Público de Emprego Estatal sobre solicitude de declaración de excepcionalidade e adopción de medidas alternativas, para o cumprimento da cota de reserva en favor dos traballadores con discapacidade.
- Seguro de caución por un importe de 6.195,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de marzo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 30 de xaneiro de 2026.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 41 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a API MOVILIDAD, SA o procedemento aberto do subministro dos rótulos identificativos das vías públicas municipais (1ª fase) (63989-234) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 149.919,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.019,00 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto único é dun 18,50 % sobre os prezos unitarios establecidos no apartado 3.H) do Anexo I (FEC) do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(445).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DO “PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO. FASE I - LOTE NORTE E LOTE SUR”. EXPTE. 2488/441.

Visto o informe de fiscalización de data 21/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto do “Plan extraordinario de asfaltados do Concello de Vigo. Fase I - lote norte e lote sur” (2488-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 42 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do “Plan extraordinario de asfaltados do Concello de Vigo. Fase I - lote norte e lote sur” (2488-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO”. FASE I - LOTE NORTE E LOTE SUR” redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 19.12.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a importe máximo de OITOCENTOS CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS con SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (857.762,65 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 148.867,90 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.0059 – proxecto de gasto 25153259 (Plan renv. firmes viario municipal), crédito provinte da incorporación de remanentes.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 30 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do “Plan extraordinario de asfaltados do Concello de Vigo. Fase I - lote norte e lote sur” (2488-441) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 (norte)

	Licitador	Puntuación total
1	NAROM, SL	92,69
2	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL	79,54
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA	33,09

- Lote 2 (sur)

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 43 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)	97,57
2	NAROM, SL	85,36
3	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL	78,30
4	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	43,52

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, NAROM, SL (Lote 1) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) (Lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, NAROM, SL (Lote 1) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) (Lote 2), o día DATA NOTIFICACIÓN, que presenta a documentación requirida o 30 de abril de 2026, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Lote 1: NAROM, SL

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, a súa clasificación no Grupo G – Subgrupo 4 – Categoría 4, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo G – Subgrupo 4 – Categoría 3 presentan a clasificación Grupo G – Subgrupo 4 – Categoría 4.
- Aval por un importe de 15.588,99 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 44 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Lote 2: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, a súa clasificación no Grupo G – Subgrupo 4 – Categoría 6, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo G – Subgrupo 4 – Categoría 3 presentan a clasificación Grupo G – Subgrupo 4 – Categoría 6.
- Aval por un importe de 16.559,46 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar NAROM, SL (Lote 1) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, SL (Lote 1) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) (Lote 2), de acordo cos

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 45 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 20 e 27 de abril de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a NAROM, SL o lote 1 do procedemento aberto do “Plan extraordinario de asfaltados do Concello de Vigo. Fase I - lote norte e lote sur” (2488-441) por un prezo total do contrato de 377.253,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 65.473,75 euros

Segundo.- Adxudicar a CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, SA (COVSA) o lote 2 do procedemento aberto do “Plan extraordinario de asfaltados do Concello de Vigo. Fase I - lote norte e lote sur” (2488-441) por un prezo total do contrato de 400.738,93 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.549,73 euros

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(446).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO TÉCNICO LEGAL DOS PROCESOS DE TRATAMENTO E DESINFECCIÓN EN MATERIA DE LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 7726/611.

Visto o informe xurídico de data 20/05/2026 e o informe de fiscalización do 21/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/05/2026, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 46 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 25 de setembro do 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 11 de marzo do 2026, modificado con data 27 de abril de 2026.
- Declaración do/a(s) redactor/a(s) do prego de prescricións técnicas particulares de data 3 de febreiro do 2026.
- **Memoria económica, de data 11 de marzo do 2026, modificada con data 28 de abril de 2026, que recolle:**
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2 ñ do RLCAP).
- Certificados de retención de crédito de data 2 de febreiro do 2026:
 - (operación nº RC – 12026000006377

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 47 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- (operación nº RCFUT -12026000006378).

- **Memoria xustificativa, de data 30 de marzo do 2026 (conformada o 31 de marzo do 2026), modificada o 27 de abril de 2026 (conformada o 28 de abril de 2026), relativa aos seguintes extremos:**

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).
- Informe do Servizo de Contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente, en materia de contratación pública, asinado en data 1 de abril 2026, modificado con data 28 de abril de 2026
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado polo servizo de contratación de data de 1 de abril de 2026, modificado con data 28 de abril de 2026 e coa redacción definitiva consecuencia da última modificación do 7 de maio de 2026.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concellei-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 48 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

ro- delegado de Deportes mediante resolución de 8 de outubro de 2025 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizos (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto (art. 156)

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, artigo 116 apartado 2, e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 3 da LCSP o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Pego de Prescricións Técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP). As condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

A tramitación do expediente realízase por procedemento ordinario art. 116. LCSP.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto **MANTE-
MENTO TÉCNICO LEGAL DOS PROCESOS DE TRATAMENTO E DESINFECCIÓN EN**

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 49 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

MATERIA DE LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. Expediente nº 7726-611

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27 de abril do 2026 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeirá o Contrato, asinado polo Servizo de Contratación con data 7 de maio do 2026.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **340.263,13 euros con IVE**, sendo o IVE a soportar pola administración de **59.053,93 euros**

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

PERÍODO	IMPORTE TOTAL / € CON IVE	APLICAC. ORZAMENTARIA
2026 21/09/2026-31/12/2026	28.355,30	3420.2279916
2027	113.421,04	3420.2279916
2028	113.421,04	3420.2279916
2029 01/01/2029_20/09/2029	85.065,75	3420.2279916
Importe total anualidades	340.263,13	

O contrato financiarase con cargo á seguinte partida orzamentaria do orzamento de Deportes, e da bolsa de vinculación se fose necesario:

34202279916	Traballos contra a lexionela desinsectación	340.263,13€
-------------	---	-------------

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista, na forma prevista na lexislación en vigor.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(447).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA BOMBA DE CALOR PARA CHAN RADIANTE NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “MESTRE GOLDAR”. EXPTE. 99664/332.

Visto o informe xurídico de data 19/05/2026 e o informe de fiscalización do 21/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 50 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Con data de 4 de marzo de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de subministración para a substitución da bomba de calor para chan radiante na Escola Infantil Municipal “Mestres Goldar” en Castrelos.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 04/03/2026.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística de data 04/03/2026 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 11/03/2026.
- Documento contable RC 23218, por importe de 26.324,61 euros, de data 12/03/2026.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador en data 07/05/2026.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e anexo de data 07/05/2026 redactado pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 07/05/2026.
- Informe de 08/05/2026 asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 08/05/2026 redactado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A adquisición dunha bomba de calor para chan radiante para a Escola Infantil Municipal “Mestres Goldar” que incluírá a entrega, debendo quedar totalmente instalada e preparada para o seu uso e a retirada dos equipos actualmente existentes a vertedoiro autorizado, reforma de tubaxes, acometida e modificación de valos, se fose necesaria

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 4 (catro) meses a partir da formalización do contrato; non se contemplan prórrogas.

Prezo: Estímase un prezo total do contrato de 26.324,61 euros.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 51 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aplicación orzamentaria: 3230.629.0004 “Adquisición sistemas climatizadores centros escolares” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado da substitución da bomba de calor para chan radiante na Escola Infantil Municipal “Mestres Goidar” (Castrelos).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de data 07/05/2026 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 08/05/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe total de 26.324,61 euros IVE incluído, para a contratación da subministración, con cargo á bolsa de vinculación da aplicacións orzamentarias 3230.629.0004 (Adquisición sistemas climatizadores centros escolares) do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación.

O valor estimado do contrato estipúlase en 21.755,88 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS “SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2026”. EXPTE. 12736/320.

Visto o informe de fiscalización do 20/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral (Resolución de 09/04/2026) e conformado polo concelleiro de Participación Cidadá e Distritos, a concelleira da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 16 de abril de 2026 , o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, co conforme da concelleira da área de goberno de Política Social e Participación Cidadá, resol-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 52 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

veu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de “Bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2026”.

O obxecto destas subvencións - que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do **Plan Estratéxico de Subvencións (PES)*** aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024. - é colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

** No Plan Estratéxico de Subvencions (PES), respecto das Subvencions en réxime de concorrencia competitiva previstas na Área de Participación Cidadá, aprecíase a mención as seguintes contías máximas:*

“Contía máxima subvencionada:

- Gastos correntes: **350.000 €** (trescentos cincuenta mil euros).
- Gastos de equipamento, obras e adquisición de inmobles: **200.000 €** (dous centos mil euros). “

No detalle das aplicacións orzamentarias previstas para os anos 2024-2025-2026 imputase a totalidade das subvencións previstas para sufragar os “Gastos Correntes” (350.000,00 € anuais) na seguinte aplicación:

Número	Aplicación:	Importe:	Ano:
9240 4890015	subvencions a entidades ciudadanas actos comunitarios	1.050.000,00.-€	2024-2025-2026

*Se ben, cabe sinalar que o importe total de **1.050.000,00 €** correspóndese coa suma dos importes previstos nas seguintes aplicacións presupuestarias:*

Número	Aplicación:	Importe:	Ano:
9240 4890000	“Subvencions a entidades ciudadanas”	750.000,00.-€	2024-2025-2026

Número	Aplicación:	Importe:	Ano:
9240 4890015	subvencions a entidades ciudadanas actos comunitarios	300.000,00.-€	2024-2025-2026

Estas axudas tamén permiten atender necesidades como a adquisición de material informático e audiovisual para a adaptación e implantación das novas tecnoloxías nas

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 53 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

actividades asociativas, así como, a adecuación dos locais sociais ás novas condicións de seguridade e accesibilidade.

O citado PES, estipulaba que o importe previsto na convocatoria de subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o **ano 2026** sería o seguinte:

Número 9240 4890000 Programas I -II	Aplicación: "Subvencións a entidades ci- dadás"	Importe: 250.000,00.-€	Ano: 2026
Número 9240 7800010 Programas III -IV	Aplicación: "Subvencións Capital Asocia- cións"	Importe: 200.000,00.-€	Ano: 2026

Finalmente, conforme ao orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025 e a posterior modificación orzamentaria nº 22/2026 aprobada na sesión plenaria o 6 de maio de 2026, os importes finais ascenden da seguinte maneira:

Número 9240 4890000 Programas I -II	Aplicación: "Subvencións a entidades ci- dadás"	Importe: 300.000,00.-€	Ano: 2026
Número 9240 7800010 Programas III -IV	Aplicación: "Subvencións Capital Asocia- cións"	Importe: 647.733,83.-€	Ano: 2026

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".

Dende esta xefatura acréditase que o incremento do importe previsto na convocatoria de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para o ano 2026, trátase dunha variación do importe económico, sen que o obxecto das liñas das subvencións teñen variado, manténdose os mesmos programas subvencionables:





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- **Programa I:** Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- **Programa II:** Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- **Programa III:** Gastos en investimento. Equipamento.
- **Programa IV:** Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmables

1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

2. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **947.733,83 €** (*novecentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros con oitenta e tres euros*) conforme ao incremento orzamentario aprobado no expediente 101-142 "Modificación orzamentaria do Pleno" aprobado na Xunta Goberno Local do 27/02/2026. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia.

A distribución do crédito dispoñible realizarase do seguinte xeito:

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 55 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1.- Programas I e II: 300.000,00 € (trescentos mil euros) , que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **15.000,00 € no Programa I e 12.000,00 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 647.733,83 € (seiscentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións*” do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da maneira que se detalla a continuación e tendo en conta que no caso de que o importe destinado a algún dos programas non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o presuposto destinado ao outro programa ou liña de subvención:

- **Programa III:** “Gastos en investimento. Equipamento Inventariable”. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os **5.000,00 €**.
- **Programa IV:** “Gastos en investimento. Obras e adquisición de inmobles”, que se encadren nalgunha das liñas de axuda previstas neste Programa:

Liña 1.- As subvencións poderán acadar o 100 % do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de **20.000,00 €**.

Liña 2.- As subvencións para esta segunda liña poderán acadar o 100% do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de **150.000,00 €**.

4. CONDICIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e que traballen no ámbito sociocomunitario, de participación cidadá e das relacións cidadás, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de realizar (*dende o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026*) e que cumpran os requisitos enumerados na Base 2ª da norma reguladora da subvención, así como a finalidade ou obxectivo perseguido coa convocatoria.

Coa finalidade de coadxuvar ao cumprimento dos seus fins e ao desenvolvemento das súas actividades, a través desta convocatoria, se financian os seguintes programas:

- **Programa I:** Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- **Programa II:** Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- **Programa III:** Gastos en investimento. Equipamento.
- **Programa IV:** Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 56 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

5. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

As principais novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- **Base 3ª: Gastos Subvencionables: no Programa IV.** Gastos en investimentos: Obras, as 2 liñas de gastos, distribúise neste caso, en función do custe dos proxectos obxecto de subvención:
 - Liña 1: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa igual ou inferior aos 20.000,00 euros.
 - Liña 2: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa superior aos 20.000,00 euros:
- **Base 4ª: Contía total e crédito orzamentario.** Prevese o outorgamento de subvencións superando a contía inicialmente prevista, sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo, ampliáanse os importes máximos subvencionables para cada un dos distintos programas:

- Programa I: o límite ascende a 15.000,00 €
 - Programa II: o límite ascende a 12.000,00 €
 - Programa III: o límite mantense en 5.000,00 €
 - Programa IV. Liña I: o límite ascende a 20.000,00 €
 - Programa IV. Liña II: o límite ascende a 150.000,00 €
- **Base 5ª.- Anticipo a conta:**

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 57 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- No primeiro parágrafo, elimínase a limitación de solicitar un anticipo, unicamente nos Programas I e IV, podendo solicitarse ata un 50% da contía total da axuda outorgada.
- Engádese un novo parágrafo conforme ao previsto na base 38 das Bases de Execución do Orzamento 2026: *“Cabe a posibilidade de establecer nas bases ou se fose o caso na convocatoria un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles do 50 % da contía concedida pendente de xustificar”*.

• **Base 11ª. Criterios de Valoración dos Proxectos:** modifícanse os criterios dos apartados a) e f):

- a) **Traxectoria e antigüidade da entidade:** incrementase nun ano mais os rangos de puntuación en función ao ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

Ano 87 a 94	5
Ano 95 a 2001	4
Ano 2002 a 2008	3
Ano 2009 a 2015	2
Ano 2016 a 2022	1
En adiante	0

- f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas:** distribúise ata un total de 50 puntos da seguinte maneira:
 - Ata un total de 25 puntos en función do importe dos proxectos presentados nos Programa I, II, III e Liña 1 do Programa IV.
 - Crease un novo baremo de puntuación, en función do importe do proxecto, para outorgar ata un total de 50 puntos na liña 2 do Programa IV.

6. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 58 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 12ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 6 meses), e a notificación electrónica.

8. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 7.4 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

A Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención. En data 25/09/2025 mediante resolución de Alcaldía modifícase a resolución de delegación de competencias da estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28/06/2023, onde se nomea como concelleira de área de goberno de Política Social e Participación Cidadá.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegación de competencias do Alcalde de datas 18/06/2019 e 28/06/2024, é competente para aprobar as presentes bases reguladoras da convocatoria e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira de área.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

9. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 59 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en data 30/09/2025, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das “**Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2026**”, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento, tanto das súas actividades propias, e por unha contía total de **947.733,83 €** (*novecentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros con oitenta e tres euros.*)

SEGUNDO.- APROBAR, como **modelos oficiais**, os 14 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitude
2. Anexo II: Programa de actividades para o ano 2026
3. Anexo III: Orzamento dos programas subvencionables
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa - Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitude de aboamento do Programa I. Mantemento e funcionamento
9. Anexo IX: Solicitude de aboamento do Programa II. Mantemento locais
10. Anexo X: Solicitude de aboamento do Programa III. Equipamento
11. Anexo XI: Solicitude de aboamento do Programa IV. Obras
12. Anexo XII: Memoria de actividades
13. Anexo XIII: Declaración responsable de non dedución do IVE



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 60 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

14. Anexo XIV: Renuncia

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2026” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www. Vigo.org).

CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **300.000,00 € (trescentos mil euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos **Programas I** (“Gastos de mantemento e funcionamento”) e **Programa II** (“Gastos de mantemento de locais”) das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2026”.

QUINTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **647.733,83 € (seiscentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros)**, con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos **Programas III** (“Gastos en investimento: equipamento”) e **IV** (“Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”), das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2026”.

SEXTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 61 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2026**PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas (*que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024*) ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- Programa II: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- Programa III: Gastos en investimento. Equipamento.
- Programa IV: Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 62 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que **operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións** (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, agás as excepcións reflectidas na base primeira, e que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. O cumprimento deste requisito quedará acreditado coa presentación do "*Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos*" debidamente cuberto e asinado pola persoa representante da entidade beneficiaria.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 8.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formali-

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 63 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

zación dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (“Gastos de mantemento e funcionamento, gastos de mantemento de entidades que carezan de local social, equipamento e obras ou adquisición de inmo- bles”).

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, **son gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que moti- van a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de no- vembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026**, que se revelen como obxectivamente neces- arios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especifica- mente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalación sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcio- namento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministros:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos.
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, arrendamento de maquinaria, servi- zos de protección de datos, certificados electrónicos (certificados dixitais recoñecidos emitidos por prestadores de servizos de certificación: FNMT, Banco de España...), corre- os, imprenta-copias, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación.
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) or- ganizadas polas entidades.
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados).
- **Comisións bancarias:** nas que incorra a entidade beneficiaria para a realización do pro- xecto subvencionado sempre que estean directamente relacionados ca actividade su- bvencionada e resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
- **Material funxible (artigos cunha vida útil limitada que deben repoñerse regularmen- te: papel, tóners...) e/ou material publicitario ou promocional**
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación:** avarías, carpintería-alu- minio, electricidade, ferretería.
- **Outro tipo de gastos de mantemento** a especificar por cada entidade (en ningún caso serán subvencionables os gastos en comidas ou bebidas alcohólicas).
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **custes totais do persoal contratado nos que incorre a entidade para a xestión, mantemento, e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos direc- tos** sempre e cando, ditos gastos, non sexan subvencionados **total ou parcialmente**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 64 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

mediante calquera outra axuda municipal. *No caso de que o importe de gastos directos finalmente xustificados (Anexo VIII) sexa inferior ao importe inicialmente solicitado (Anexo III), o importe subvencionable por este concepto verase reducido proporcionalmente, conforme ao establecido na base 15.*

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base impositible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*):

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida.
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz.
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estantes, armarios, radiadores.
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas.
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmoables”:Distribuídos da seguinte maneira:

Liña 1: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa igual ou inferior aos 20.000,00 euros:

a) Obras de acondicionamento, rehabilitación, reforma, reparación ou conservación de bens inmoables e instalacións sociocomunitarias, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 65 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

c) **Gastos de honorarios facultativos (redacción de proxectos, memorias técnicas e/ou, os relativos á dirección de obra e coordinación de seguridade).**

d) O 50 % dos gastos derivados do pago de **licenzas e permisos urbanísticos** directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para adecuada execución ou preparación da mesma.

Liña 2: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa superior aos 20.000,00 euros:

a) **Adquisición de inmoables, obras de nova construción, obras de acondicionamento, rehabilitación, reforma, reparación ou conservación de bens inmoables e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

b) Gastos de **honorarios facultativos** (redacción de proxectos, memorias técnicas e/ou, os relativos á dirección de obra e coordinación de seguridade).

c) O 50 % dos gastos derivados do pago de **licenzas e permisos urbanísticos** directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para adecuada execución ou preparación da mesma.

En ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non conta coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística.

No caso de adquisición, nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inmoables inventariables, inscribibles no Rexistro da Propiedade, deberá facerse constar na escritura, obrigatoriamente, o destino do/s bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin, que, como mínimo, será de cinco anos.

Cando o importe dos gastos exceda de 40.000 € para a execución da obra, ou de 15.000 €, no caso de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado entidades suficientes que o subministren ou que o gasto tivese lugar antes da solicitude da subvención. A elección da oferta, que deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **947.733,83 €** (novecentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros con oitenta e tres euros.). Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia. A distribución do crédito dispoñible realizarase do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 300.000,00 € (trescentos mil euros) , que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **15.000 € no Programa I e 12.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 647.733,83 € (seiscentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións*” do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da maneira que se detalla a continuación e tendo en conta que no caso de que o importe destinado a algún dos programas non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o presuposto destinado ao outro programa ou liña de subvención:

- **Programa III:** “Gastos en investimento. Equipamento Inventariable”: A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os **5.000,00 €**.
- **Programa IV:** “Gastos en investimento. Obras e adquisición de inmobles”, que se encadren nalguna das liñas de axuda previstas neste Programa:

Liña 1. As subvencións poderán acadar o 100 % do custe do proxecto, cun límite, en todo caso de 20.000,00 €.

Liña 2.- As subvencións para esta segunda liña poderán acadar o 100% do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de **150.000,00 €**.

QUINTA.- ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda aprobada, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Cabe a posibilidade de solicitar un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles do 50 % da contía concedida pendente de xustificar.

A presentación de solicitude de anticipo deberá realizarse nun prazo máximo de dous meses desde a notificación de concesión da subvención.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a **entidade presentará declaración responsable** de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 67 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo a memoria achegada:
 - Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
 - Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
 - Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
 - Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
 - Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 68 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base décima ("Solicitud e Documentación").

2.- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fóra de prazo, sen achegar renuncia, das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior ao desta convocatoria.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

3.- No Programa II, mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas:

- Aquelas entidades que soliciten axudas para o pago do arrendamento do local social, no suposto de que o **contrato de arrendamento presentado sexa de data posterior ao inicio da data do período subvencionable (1 de novembro de 2025)**

4.- No Programa IV: Obras

- Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o **contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e ou, non conte coa autorización expresa do propietario ou propietaria do local para levar a cabo devanditas obras.**
- Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa autorización ou conformidade do departamento de Participación Cidadá.
- Aqueles proxectos de obras, pendentes de executar, en locais cedidos por outros entes públicos ou privados, e non se acredite a súa autorización expresa para realizar ditas obras.
- Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.

OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados a que se refiren os Programas I, II, III e IV asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 69 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizo ou equipamento, comunicarse no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
4. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2026 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento e/ou investimento (equipamento e/ou obras) da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.
5. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
6. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
7. Contar coa preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación non estivese sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.
8. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
9. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
10. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
11. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
12. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
13. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
14. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos a raíz do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do Título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 70 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Os anexos de solicitude e a documentación complementaria deberán presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Os/as solicitantes deberán presentar necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria:

ANEXO I. SOLICITUDE

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos
3. Datos bancarios
4. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 71 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5. Información relativa á titularidade do local da entidade, autorizacións, fotografías e orzamento das obra previstas
6. Xestión económica e financeira da entidade no ano 2025
7. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (*conforme aos modelos do anexo VII de cartelería*)
8. Niveles de cooperación con outras entidades (*criterio de valoración*)
9. Sinatura dixital do/a representante legal da entidade

ANEXO II. PROGRAMA DE ACTIVIDADES, incluídas as xa realizadas e as pendentes de realizar dentro do período subvencionable, e que serven de fundamento para a concesión da subvención:

- descrición da actividade
- duración media da actividade
- colectivo da poboación destinatario
- lingua empregada no desenvolvemento da actividade

ANEXO III. ORZAMENTO DOS PROGRAMA SUBVENCIONABLES

Programas para os que solicita a subvención:

1. Detalle dos conceptos obxecto de subvención dentro do **Programa I**: Gastos xerais de mantemento e funcionamento das entidades veciñais, e o orzamento total de ditos conceptos.
2. Detalle dos conceptos obxecto de subvención dentro do **Programa II**: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas, e o orzamento total de ditos conceptos. No suposto de solicitar axuda para o pago dos gastos derivados do arrendamento de local (base impositible + IVE), deberá presentarse ademais:
 - Copia do contrato de arrendamento vixente, que en todo caso, debe ser anterior á data de inicio do período subvencionable (1 de novembro de 2025)
3. Detalle dos conceptos obxecto de subvención dentro do **Programa III**: Gastos en investimento. Equipamento inventariable, e o orzamento total de ditos conceptos.
4. Detalle dos conceptos obxecto de subvención dentro do **Programa IV**: Obras e adquisición de Inmobles, e o orzamento total de ditos conceptos.

Con respecto ao programa de obras, deberá presentarse ademais:

- No suposto de locais arrendados, deberase presentar a **copia do contrato de arrendamento** (*cunha duración como mínimo de 5 anos*) e a **autorización da persoa propietaria** do local para levar a cabo devanditas obras.
- No suposto de locais cedidos polo Concello de Vigo, a entidade peticionaria deberá marcar a cela correspondente de petición de **autorización do Servizo de Participación Cidadá**, como trámite previo para solicitar a preceptiva licenza municipal ou oportuna comunicación previa para acometer as obras de reforma ou melloras no local social de titularidade municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 72 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- No suposto de locais cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a **autorización expresa** de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.
- **Reportaxe fotográfica** sobre os estado actual do/s espazo/s obxecto das obras:
Antes das obras Despois das obras (no suposto de estar xa executadas)
- **Orzamento da obra** redactado pola empresa executora das obras, no que deberá reflectirse o importe da actuación por conceptos, desagregando traballos, materiais e man de obra e, que deberá axustarse ao orzamento presentado na Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo no expediente de comunicación previa ou licenza urbanística.
- No momento da xustificación das subvencións recibidas, haberá que indicar o número de expediente ou copia da correspondente licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.

Esta autorización expresa para consultar as certificacións de non ter débedas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentarse asinado electronicamente. No caso de que a entidade solicitante se opoña expresamente, terá que presentar o documento de identidade correspondente e/ou as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a 6 meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 73 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, previa ponderación das solicitudes recibidas e tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.-** Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 94	5
Ano 95 a 2001	4
Ano 2002 a 2008	3
Ano 2009 a 2015	2
Ano 2016 a 2022	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 74 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

• Socios	Ata 500 socios		1
	De 501 a 1000 socios		2
	De 1001 a 1500 socios		3
	De 1501 a 2000 socios		4
	Mais de 2000 socios		5

c) **Capacidade económica**, suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

◦ Segundo o orzamento de gastos do ano anterior (2025): Ata 5 puntos

Presuposto:	Ata 10.000 €	5
	De 10.001 a 50.000 €	4
	Do 50.001 a 70.000 €	3
	Do 70.001 a 100.00 €	2
	Mais de 100.000 €	1

◦ Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

Solvencia:	Do 56% ata o 100%	1
	Do 41% ata o 55%	2
	Do 26% ata o 40%	3
	Do 16% ata o 25%	4
	Ata o 15%	5

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 20 puntos.

Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable , atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Duración media das actividades programadas (máximo 8 puntos):

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

B) O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable (máximo 8 puntos):

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 75 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 1-10 actividades: 2 puntos
 11-20 actividades: 4 puntos
 21-30 actividades: 6 puntos
 Máis de 31 actividades: 8 puntos

C) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos (*cando na totalidade das actividades se empregue o idioma galego*)

Non: 0 puntos (*cando en ningunha das actividades se empregue o galego*)

Parcial: 1 puntos (*cando en mais da metade das actividades previstas se empregue o galego*)

D) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (*non se computan as colaboracións con outras Administracións públicas*):

0 entidades: 0 puntos

1-3 entidades ou colaboración puntual: 1 puntos

4 ou máis entidades ou colaboración estable: 2 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.** - Ata un total de 50 puntos:

Distribuirase un total de **25 puntos** por tramos en base ao custe dos proxectos achegados nos Programas I, II, III e Liña 1 do Programa IV (*Gastos de mantemento e funcionamento, gastos de mantemento de entidades que carezan de local social, equipamento e obras ou adquisición de inmobles—LIÑA 1*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 1.001 a 2.000 €: 2 puntos

De 2.001 a 3.000 €: 3 puntos

De 3.001 a 4.000 €: 4 puntos

De 4.001 a 5.000 €: 5 puntos

De 5.001 a 6.000 €: 6 puntos

De 6.001 a 7.000 €: 7 puntos

De 7.001 a 8.000 €: 8 puntos

De 8.001 a 9.000 €: 9 puntos

De 9.001 a 10.000 €: 10 puntos

De 10.001 a 11.000 €: 11 puntos

De 11.001 a 12.000 €: 12 puntos

De 12.001 a 13.000 €: 13 puntos

De 13.001 a 14.000 €: 14 puntos

De 14.001 a 15.000 €: 15 puntos

De 15.001 a 15.500 €: 16 puntos

De 15.501 a 16.000 €: 17 puntos

De 16.001 a 16.500 €: 18 puntos

De 16.501 a 17.000 €: 19 puntos

De 17.001 a 17.500 €: 20 puntos

De 17.501 a 18.000 €: 21 puntos

De 18.001 a 18.500 €: 22 puntos

De 18.501 a 19.000 €: 23 puntos

De 19.001 a 19.500 €: 24 puntos

De 19.501 en diante: 25 puntos





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

No suposto da liña 2 do Programa IV. Obras a puntuación distribuirase da seguinte maneira (ata 50 puntos):

De 20.000 a 21.000 €: 20 puntos	De 35.001 a 40.000 €: 35 puntos
De 21.001 a 22.000 €: 21 puntos	De 40.001 a 45.000 €: 36 puntos
De 22.001 a 23.000 €: 22 puntos	De 45.001 a 50.000 €: 37 puntos
De 23.001 a 24.000 €: 23 puntos	De 50.001 a 55.000 €: 38 puntos
De 24.001 a 25.000 €: 24 puntos	De 55.001 a 60.000 €: 39 puntos
De 25.001 a 26.000 €: 25 puntos	De 60.001 a 65.500 €: 40 puntos
De 26.001 a 27.000 €: 26 puntos	De 65.001 a 70.000 €: 41 puntos
De 27.001 a 28.000 €: 27 puntos	De 70.001 a 75.000 €: 42 puntos
De 28.001 a 29.000 €: 28 puntos	De 75.001 a 80.000 €: 43 puntos
De 29.001 a 30.000 €: 29 puntos	De 80.001 a 85.000 €: 44 puntos
De 30.001 a 31.000 €: 30 puntos	De 85.001 a 90.000 €: 45 puntos
De 31.001 a 32.000 €: 31 puntos	De 90.001 a 95.000 €: 46 puntos
De 32.001 a 33.000 €: 32 puntos	De 95.001 a 100.000 €: 47 puntos
De 33.001 a 34.000 €: 33 puntos	De 100.001 a 105.000 €: 48 puntos
De 34.001 a 35.000 €: 34 puntos	De 105.001 a 110.000 €: 49 puntos
	De 110.001 en diante : 50 puntos.

g) Colaboración das entidades coa acción da Administración Local. Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións ou invitacións aos eventos de carácter asociativo). Máximo 10 puntos:
 - Ata 5 rexistros: 4 puntos
 - De 6 a 12 rexistros: 8 puntos
 - Mais de 12 rexistros: 10 puntos
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas ou convocatorias municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación dos programas subvencionados na anterior convocatoria.

- Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 13ª:
“Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento e funcionamento), IX (mantemento entidades que carezan de local municipal), X (equipamento) e XI (obras), cada unha das cales,

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 77 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XII: "Memoria de actividades" e, de ser o caso, o Anexo XIII: "Declaración responsable de non dedución do IVE".

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2025.
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos máis cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/ OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décimo Primeira, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá
- 2 Vogais: A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa, e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O/a concelleiro/a delegado/a da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente. Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Novena.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá dítarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítiranse ás entidades interesadas os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 79 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XIV. Renuncia**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións do servizo de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

12.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

13.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas pertencentes a mesma aplicación orzamentaria, a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

DÉCIMO TERCEIRA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considerará como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 14 de novembro de 2026.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

As entidades beneficiarias deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. **Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 80 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

documento equivalente que se presente debe atoparse dentro do período subvencionable; considerando gasto realizado, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).** No suposto de acreditar o gasto con “cheque bancario” deberase gardar copia do mesmo, recomendando uso de cheques nominativos onde conste o perceptor e o concepto de pago, e en calquera caso para acreditar o seu pago efectivo, deberá presentarse igualmente o correspondente movemento bancario.

Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo nos Programa I e III, pero sempre respectando os seguintes límites:

- **Programa I. Gastos de Mantemento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 50 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**
- **Programa III. Gastos en equipamento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 250 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**

Para xustificar estes pagos en efectivo achegarase o xustificante de cobro asinado polo proveedor. Sen a sinatura do proveedor non será aceptada a factura.

Tamén se considerará efectivamente pagado un gasto coa cesión do crédito ou do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, así como coa entrega de efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido nos **Anexos VIII, IX, X e XI** respectivamente, nos cales se inclúen, entre outros, os seguintes apartados:

1. **Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**
2. **Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados:** en dita relación xustificaranse gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**
 - os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 81 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo proveedor.
- no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento e funcionamento), IX (mantemento entidades que carezan de local municipal) X (equipamento) e XI (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, **e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XII: “Memoria de actividades” e, de ser o caso, o Anexo XIII: “Declaración responsable de non dedución do IVE”.**

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

1. Anexo VIII. “Solicitude de aboamento do Programa I. Gastos de Mantemento e Funcionamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/a representante legal: no suposto de que dita representación non coincida co indicado na solicitude, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.
3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avi-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 82 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

sos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practi-
cada.

4. Documentación complementaria:

- Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse:

- Copia das **nóminas** correspondentes aos meses imputados, xunto cos xustifican-
tes bancarios do seu pagamento (nos que figure o nome completo da persoa tra-
balladora, ben no concepto de pago ou ben coma receptor do mesmo).
- O **Modelo 111** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do tri-
mestre correspondente, coas respectivas **acreditacións bancarias de pago**.
- **Seguros Sociais**: Relación de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nomi-
nal de traballadores (RNT). O RLC deberá ir acompañado do xustificante banca-
rio de pago.

- Cando se inclúan, como documentación orixinal, os recibos dos gastos de seguros,
achegárase copia do correspondente contrato vixente (póliza) ou certificación da empre-
sa aseguradora que se corresponda co período subvencionado.

- Acreditar, mediante a presentación das fotografías correspondentes, a difusión pública
da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar
preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo VII ("Publicidade
corporativa- cartelería")** desta convocatoria. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na
páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2026, publicitarase que o
Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de mantemento da asociación,
para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da
participación cidadá.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para
os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mes-
ma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públi-
cas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia electrónica da reso-
lución de concesión** das mesmas.

5. Declaración responsable (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación
dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non
percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica
e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e
non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación dou-
tras subvencións).

6. Relación clasificada dos gastos subvencionados no programa I de Mantemento, na
que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, **identificando o correspondente
xustificante bancario**, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador,
concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do
documento, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun "x" diante do docu-
mento cuxo "orixinal" se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das fac-*

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 83 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de
verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

turas orixinais), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación do **Anexo XIII: “Declaración responsable de non dedución do IVE”**, así mesmo, na columna de “**Importe Total**” cumprimentarse co importe total das facturas ou a porcentaxe que se impute a esta subvención, salvo que, o IVE sexa susceptible de recuperación ou compensación, en cuxo caso, tan so se fará constar o importe da base imponible dos xustificantes de gastos (facturas).

A documentación acreditativa de ditos gastos (facturas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, co correspondente xustificante bancario) deberá coincidir co indicado na táboa de relación clasificada de gastos do Anexo VIII. En consecuencia, a documentación deberá presentarse segundo a orde da correlación numerada de gastos indicada en dita táboa.

7. Sinatura dixital do/a representante da entidade

2. Anexo IX. “Solicitude de aboamento do Programa II. Gastos de Mantemento de Entidades que carezan de local municipal ”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/a representante legal
3. Domicilio a efectos de notificación
4. Documentación complementaria:
 - Cando se xustifiquen gastos de alugueiro, **Modelo 115** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento dos trimestres correspondentes.
 - Acreditar a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, conforme ao estipulado no Anexo VII (“Publicidade corporativa-cartelería”).
 - Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

5. Declaración responsable.

6. Relación clasificada dos gastos subvencionados no programa II de Mantemento de entidades que carezan de local municipal, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, **identificando o correspondente xustificante bancario**, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 84 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación do **Anexo XIII: “Declaración responsable de non dedución do IVE”**, así mesmo, na columna de “**Importe Total**” cumprimentarse co importe total das facturas ou a porcentaxe que se impute a esta subvención, salvo que, o IVE sexa susceptible de recuperación ou compensación, en cuxo caso, tan so se fará constar o importe da base imponible dos xustificantes de gastos (facturas).

A documentación acreditativa de ditos gastos (facturas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, co correspondente xustificante bancario), deberá coincidir ca dita relación clasificada, numerada e correlativa, reflectida no Anexo IX.

7. Sinatura dixital do/a representante da entidade

3. Anexo X. “Solicitude de aboamento do Programa III. Equipamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/a representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Documentación complementaria:

- **certificación do/a secretario/a** da entidade conforme o equipamento adquirido e subvencionado se incorporou ao seu inventario da entidade, con indicación expresa dos bens adquiridos e subvencionados e do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s, e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo de 2 anos.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 € no subministro de bens de equipamento ou prestación de servizos. Non serán esixibles cando os gastos se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Acreditar a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, conforme ao estipulado no Anexo VII (“Publicidade corporativa-cartelería”): Reportaxe fotográfica do equipamento subvencionado coa correspondente etiqueta identificativa do cofinanciamento municipal e a cartelería que acredite a súa exposición nas instalacións da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 85 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5. Declaración responsable.

6. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa III de Equipamento, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, **identificando o correspondente xustificante bancario**, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación do **Anexo XIII: “Declaración responsable de non dedución do IVE”**, así mesmo, na columna de “**Importe Total**” cumprimentarse co importe total das facturas ou a porcentaxe que se impute a esta subvención, salvo que, o IVE sexa susceptible de recuperación ou compensación, en cuxo caso, tan so se fará constar o importe da base imponible dos xustificantes de gastos (facturas).

A documentación acreditativa de ditos gastos (facturas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, co correspondente xustificante bancario), deberá coincidir ca dita relación clasificada, numerada e correlativa, reflectida no Anexo X.

7. Sinatura dixital do/a representante da entidade

4. Anexo XI. “Solicitud de aboamento do Programa IV. Obras”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Documentación complementaria:

- Indicar o número de expediente ou copia da correspondente **comunicación previa** presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo, coa finalidade de que o servizo de Participación Cidadá solicite un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

- No suposto de obras suxeitas a **licenza urbanística**, presentárase o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

- No suposto de nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inventariables e inscribibles nun rexistro público, a **inscripción no Rexistro da Propiedade**. Na mesma deberá figurar, necesariamente, o destino do/s ben/s ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin que, como mínimo, será de cinco anos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 86 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Cando o obxecto subvencionado sexa a adquisición dun ben inmovible, deberá achegarse **escritura de compravenda**, na que deberán figurar os extremos indicados no apartado anterior.
- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do **art. 31.3 da LXS** debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de **40.000 €** na execución de obras. Non serán esixibles cando os gastos en obras se tivesen realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.
- Acreditar a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, conforme ao estipulado no Anexo VII ("Publicidade corporativa-cartelería").
- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

5. Declaración responsable.

6. Relación clasificada dos gastos subvencionados no programa IV de Obras, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, **identificando o correspondente xustificante bancario**, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun "x" diante do documento cuxo "orixinal" se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos "orixinais" presentados.

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación do **Anexo XIII: "Declaración responsable de non dedución do IVE"**, así mesmo, na columna de **"Importe Total"** cumprimentarse co importe total das facturas ou a porcentaxe que se impute a esta subvención, salvo que, o IVE sexa susceptible de recuperación ou compensación, en cuxo caso, tan so se fará constar o importe da base imponible dos xustificantes de gastos (facturas).

A documentación acreditativa de ditos gastos (facturas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, co correspondente xustificante bancario), deberá coincidir ca dita relación clasificada, numerada e correlativa, reflectida no Anexo XI.

7. Sinatura dixital do/a representante da entidade

5. Anexo XII "Memoria de actividades", conforme ao proxecto achegado coa solicitude (Anexo II), que fundamentaron a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionados, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 87 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado:

- Denominación da actividade
- Datás e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria
- **Para o Programa III: Reportaxe fotográfica** do equipamento subvencionado coa correspondente etiqueta identificativa do cofinanciamento municipal e cartelería que acredite a súa exposición nas instalacións da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web, conforme o Anexo VII. "Publicidade corporativa-cartelería".
- **Para o Programa IV: Reportaxe fotográfica** sobre o estado final do/s espazo/s obxecto das obras, así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalacións da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web, conforme ao Anexo VII. "Publicidade corporativa-cartelería"

6. Anexo XIII "Declaración responsable de non dedución do IVE": O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación de este anexo XIII, en caso contrario, o computo dos gastos xustificativos da subvención outorgada realízase unicamente tendo en conta a base imponible dos xustificantes de ditos gastos (facturas).

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCiónS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 88 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

Xustificaranse os gastos polos conceptos e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados no orzamento (Anexo III). **De non xustificarse a totalidade dos proxectos subvencionados, procederase a unha redución proporcional da axuda outorgada.**

DÉCIMO SEXTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida polo servizo de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

DÉCIMO SÉTIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

DÉCIMO OITAVA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 89 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

DÉCIMO NOVENA.- DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN

De acordo co establecido no artigo 90 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen previo requirimento da Administración, a devolución total ou parcial da subvención outorgada, mediante o seu ingreso na conta **ES48 2080 5000 6331 1007 0132** en concepto de “DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN FOMENTO DO ASOCIACIONISMO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ ANO 2026”. O importe da devolución incluírá os



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 90 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

xuros de mora, conforme ao artigo 38 da Lei Xeral de Subvencións, ata o momento no que se produciu a devolución efectiva por parte da entidade beneficiaria.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (Rexistro Xeral), copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, facendo constar a data de ingreso, importe, número de expediente e denominación da subvención outorgada.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo).

Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 91 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2026

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas (*que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024*) ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 92 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- **Programa I:** Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- **Programa II:** Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- **Programa III:** Gastos en investimento. Equipamento.
- **Programa IV:** Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que **operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. O cumprimento deste requisito quedará acreditado coa presentación do “*Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos*” debidamente cuberto e asinado pola persoa representante da entidade beneficiaria.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 6.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 93 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

do apartado anterior (“Gastos de mantemento e funcionamento, gastos de mantemento de entidades que carezan de local social, equipamento e obras ou adquisición de inmo- bles”).

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, **son gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que moti- van a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de no- vembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026**), que se revelen como obxectivamente neces- arios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especifica- mente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalación sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcio- namento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministros:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos.
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, arrendamento de maquinaria, servi- zos de protección de datos, certificados electrónicos (certificados dixitais recoñecidos emitidos por prestadores de servizos de certificación: FNMT, Banco de España...), corre- os, imprenta-copias, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación.
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) or- ganizadas polas entidades.
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados).
- **Comisións bancarias:** nas que incorra a entidade beneficiaria para a realización do pro- xecto subvencionado sempre que estean directamente relacionados ca actividade su- bvencionada e resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
- **Material funxible (artigos cunha vida útil limitada que deben repoñerse regularmen- te: papel, tóners...) e/ou material publicitario ou promocional**
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación:** avarías, carpintería-alu- minio, electricidade, ferretería.
- **Outro tipo de gastos de mantemento** a especificar por cada entidade (en ningún caso serán subvencionables os gastos en comidas ou bebidas alcohólicas).
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **custes totais do persoal contratado nos que incorre a entidade para a xestión, mantemento, e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos direc- tos** sempre e cando, ditos gastos, non sexan subvencionados **total ou parcialmente** mediante calquera outra axuda municipal. *No caso de que o importe de gastos directos*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 94 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

finalmente xustificados (Anexo VIII) sexa inferior ao importe inicialmente solicitado (Anexo III), o importe subvencionable por este concepto verase reducido proporcionalmente, conforme ao establecido na base 15.

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base impoñible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*):

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida.
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz.
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores.
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas.
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmóveis”:Distribuídos da seguinte maneira:

Liña 1: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa igual ou inferior aos 20.000,00 euros:

a) **Obras de acondicionamento, rehabilitación, reforma, reparación ou conservación de bens inmóveis e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

c) **Gastos de honorarios facultativos (redacción de proxectos, memorias técnicas e/ou, os relativos á dirección de obra e coordinación de seguridade).**

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 95 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) O 50 % dos gastos derivados do pago de **licenzas e permisos urbanísticos** directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para adecuada execución ou preparación da mesma.

Liña 2: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa superior aos 20.000,00 euros:

a) **Adquisición de inmobles, obras de nova construción, obras de acondicionamento, rehabilitación, reforma, reparación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

b) Gastos de **honorarios facultativos** (redacción de proxectos, memorias técnicas e/ou, os relativos á dirección de obra e coordinación de seguridade).

c) O 50 % dos gastos derivados do pago de **licenzas e permisos urbanísticos** directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para adecuada execución ou preparación da mesma.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **947.733,83 €** (novecentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros con oitenta e tres euros.). Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia.

A distribución do crédito dispoñible realizarase do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 300.000,00 € (trescentos mil euros) , que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **15.000 € no Programa I e 12.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 647.733,83 € (seiscentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións*” do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da maneira que se detalla a continuación e tendo en conta que no caso de que o importe destinado a algún dos programas non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o presuposto destinado ao outro programa ou liña de subvención:

- **Programa III: “Gastos en investimento. Equipamento Inventariable”:** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os **5.000,00 €.**





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- **Programa IV:** “Gastos en investimento. Obras e adquisición de inmobles”, que se encadren nalguna das liñas de axuda previstas neste Programa:

Liña 1. As subvencións poderán acadar o 100 % do custe do proxecto, cun límite, en todo caso de 20.000,00 €.

Liña 2.- As subvencións para esta segunda liña poderán acadar o 100% do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de **150.000,00 €.**

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá e Festas, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- SOLICITUDE, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 97 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, previa ponderación das solicitudes recibidas e tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o orzamento de gastos do ano anterior (2025): Ata 5 puntos
- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 20 puntos.

Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.
- O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 98 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

e) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata un total de 50 puntos:

- Distribuirase un total de **25 puntos** por tramos en base ao custe dos proxectos achegados nos Programas I, II, III e Liña 1 do Programa IV (*Gastos de mantemento e funcionamento, gastos de mantemento de entidades que carezan de local social, equipamento e obras ou adquisición de inmobles—LIÑA 1*).
- Distribuirase ata un total de **50 puntos** por tramos en base ao custe do proxectos achegados no Programa IV- **LIÑA 2**.

f) **Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións ou invitacións aos eventos de carácter asociativo). Máximo 10 puntos:
- Experiencia, traxectoria e participación en outros programas ou convocatorias municipais: Ata 10 puntos

g) **Xustificación das subvencións.**- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas. Calculase tendo en conta a calidade da xustificación presentada e, se os proxectos subvencionados xustificáronse ao 100 % ou aplicóuselle algunha redución proporcional.

OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décimo Primeira, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colegiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá
- 2 Vogais: A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa, e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 99 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Nónena.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 100 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XIV. Renuncia**, aprobado con estas bases.

12.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

13.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas pertencentes a mesma aplicación orzamentaria, a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 14 de novembro de 2026.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

As entidades beneficiarias deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. **Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento equivalente que se presente debe atoparse dentro do período subvencionable; considerando gasto realizado, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.**

En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).** No suposto de acreditar o gasto con “cheque bancario” deberase gardar copia do mesmo, recomendando uso de cheques nominativos onde conste o perceptor e o concepto de pago, e en calquera caso para acreditar o seu pago efectivo, deberá presentarse igualmente o correspondente movemento bancario.

Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo nos Programa I e III, pero sempre respectando os seguintes límites:

- **Programa I. Gastos de Mantemento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 50 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 101 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- **Programa III. Gastos en equipamento:** se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 250 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.

Para xustificar estes pagos en efectivo achegarase o xustificante de cobro asinado polo proveedor. Sen a sinatura do proveedor non será aceptada a factura.

Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento e funcionamento), IX (mantemento entidades que carezan de local municipal) X (equipamento) e XI (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, **e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XII: “Memoria de actividades” e, de ser o caso, o Anexo XIII: “Declaración responsable de non dedución do IVE”.**

DÉCIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 102 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 00/00/2026, polo que se convocan as subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2026.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 103 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas (*que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024*) ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministros:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos.
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, arrendamento de maquinaria, servizos de protección de datos, certificados electrónicos (certificados dixitais recoñecidos emitidos por prestadores de servizos de certificación: FNMT, Banco de España...), correos, imprenta-copias, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación.
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades.
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados).
- **Comisións bancarias:** nas que incorra a entidade beneficiaria para a realización do proxecto subvencionado sempre que estean directamente relacionados coa actividade su-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 104 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

bvencionada e resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

- **Material funxible (artigos cunha vida útil limitada que deben repoñerse regularmente: papel, tóners...) e/ou material publicitario ou promocional**
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación:** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería.
- **Outro tipo de gastos de mantemento** a especificar por cada entidade (en ningún caso serán subvencionables os gastos en comidas ou bebidas alcohólicas).
- Admitíranse, ademais, como gastos indirectos, os **custes totais do persoal contratado nos que incorre a entidade para a xestión, mantemento, e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos** sempre e cando, ditos gastos, non sexan subvencionados **total ou parcialmente** mediante calquera outra axuda municipal. *No caso de que o importe de gastos directos finalmente xustificadas (Anexo VIII) sexa inferior ao importe inicialmente solicitado (Anexo III), o importe subvencionable por este concepto verase reducido proporcionalmente, conforme ao establecido na base 15.*

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*):

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida.
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz.
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores.
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas.
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 105 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”:Distribuídos da seguinte maneira:

Liña 1: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa igual ou inferior aos 20.000,00 euros:

a) Obras de acondicionamento, rehabilitación, reforma, reparación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarias, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

c) Gastos de honorarios facultativos (redacción de proxectos, memorias técnicas e/ou, os relativos á dirección de obra e coordinación de seguridade).

d) O 50 % dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanísticos directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para adecuada execución ou preparación da mesma.

Liña 2: Proxectos de obras cuxo importe, singularizado ou conxunto, sexa superior aos 20.000,00 euros:

a) Adquisición de inmobles, obras de nova construción, obras de acondicionamento, rehabilitación, reforma, reparación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarias, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

b) Gastos de honorarios facultativos (redacción de proxectos, memorias técnicas e/ou, os relativos á dirección de obra e coordinación de seguridade).

c) O 50 % dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanísticos directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para adecuada execución ou preparación da mesma.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2026, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **947.733,83 €** (novecentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros con oitenta e tres eu-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 106 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

ros.). Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia.

A distribución do crédito dispoñible realizarase do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 300.000,00 € (trescentos mil euros) , que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **15.000 € no Programa I e 12.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 647.733,83 € (seiscentos corenta e sete mil setecentos trinta e tres euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións*” do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da maneira que se detalla a continuación e tendo en conta que no caso de que o importe destinado a algún dos programas non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o presuposto destinado ao outro programa ou liña de subvención:

- **Programa III:** “Gastos en investimento. Equipamento Inventariable”: A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os **5.000,00 €.**
- **Programa IV:** “Gastos en investimento. Obras e adquisición de inmobles”, que se encadren nalguna das liñas de axuda previstas neste Programa:

Liña 1. As subvencións poderán acadar o 100 % do custe do proxecto, cun límite, en todo caso de 20.000,00 €.

Liña 2.- As subvencións para esta segunda liña poderán acadar o 100% do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de **150.000,00 €.**

QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 107 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

14(448).- ADQUISICIÓN DO INMOBLE SITO NA RÚA ABAIXO 42, BARRIO DE O ROCÍO, EN RÉXIME DE COMPRAVENDA. EXPTE. 12983/307.

Visto o informe xurídico do 12/05/2026 e o informe de fiscalización do 19/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2026, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Primeiro.- A Concellería de Patrimonio histórico está a desenvolver con carácter integral unha actuación urbá e artística no Barrio de o Rocio, entre a rúa Rocio e a rúa de Abaixo. No proxecto técnico redactado polos arquitectos Pefecto Cendón Domínguez e F. Javier Vázquez Fernández, analízanse os usos e ocupacións dos espazos públicos, o estado dos servizos urbanos, as barreiras existentes e outra serie de actuacións encamiñadas á mellora do Barrio, todo elo en colaboración cunha artista urbana que se encargará de executar unha serie de murais horizontais e verticais.

Unha das actuacións necesaria e primeiras do proxecto consiste na adquisición da parcela baleira situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral nº 0644213NG2704S0001RB), co fin de proceder á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público, polo que se incorpora ao proxecto de intervención artística para a rexeneración urbana integral deste barrio.

II.- En data 25 de setembro de 2025, delegouse na Primeira teniente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade, todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias para a adquisición ben de mutuo acordo, ben a través do procedemento de expropiación forzosa da finca sita no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral no 0644213NG2704S0001RB)

III.-En data 11.09.2025 emítese polo Rexistro da propiedade certificado de non constar inscrita no Rexistro da propiedade a parcela a adquirir no barrio O Rocío.

IV.- A primeira teniente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade, acorda en data 11 de marzo de 2026, iniciar expediente para a adquisición por medio de compraventa da parcela do número 42 da rúa Abaixo en O Rocío.

V.-Consta no expediente expropiatorio informe técnico pericial de valoración da finca, **81.856,26 €**, que ten a seguinte descrición segundo escritura pública nº 1.932 da relación protocolaria do notario Joaquín López Doval de aceptación e adxudicación parcial de herdanza, de data 12.12.2019: terreo industrial, na rúa Abaixo 42, dunha superficie de seiscentos sesenta e un metros cadrados. Linda: Norte, Carlos Domingo Carrillo González,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 108 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Comunidade de propietarios e camiño público; Sur, Este e Oeste, camiño público. Sobre dita parcela está construída unha edificación destinada a aparcadoiro de planta baixa, de dez metros cadrados, que linda por todos os seus aires co resto da finca sen edificar, referencia catastral 0644213NG2704S0001RB.

VI.- En data 01.04.2026 comunícase á propiedade as condicións da compravenda, que son aceptadas o 6 de abril segundo documento presentado no rexistro electrónico deste Concello o día 16 deste mesmo mes de abril.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I- Normativa aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do sector público, e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas (art. 7,3, 19, 37, 111, 114, 115 e seguintes).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (arts. 1,22, 47 e 127 LR-BRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 74 e seguintes TRRL)
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (artigos 11 e ss RBEL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Código civil
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2026

II.-Obxecto do contrato

a) A parcela a adquirir é a seguinte: terreo industrial, na rúa Abaixo 42, dunha superficie de seiscientos sesenta e un metros cadrados. Linda: Norte, Carlos Domingo Carrillo González, Comunidade de propietarios e camiño público; Sur, Este e Oeste, camiño público. Sobre dita parcela está construída unha edificación destinada a aparcadoiro de planta baixa, de dez metros cadrados, que linda por todos os seus aires co resto da finca sen edificar.

- referencia catastral: 0644213NG2704S0001RB
- Inscripción rexistral: No consta inscrita no Rexistro da propiedade
- Superficie da parcela, segundo título: seiscientos sesenta e un metros cadrados (661 m2)
- Estado da finca: Sobre dita parcela está construída unha edificación destinada a aparcadoiro de planta baixa, de dez metros cadrados,
- Cargas: non constan

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 109 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Títulos de propiedade

Os ofertantes resultan ser propietarios do inmovible en virtude dos seguintes títulos: escritura pública nº 1.932 da relación protocolaria do notario Joaquín López Doval de aceptación e adxudicación parcial de herdanza, de data 12.12.2019, outorgada por Manuel Costas Bea e M^a Isabel Villanueva Márquez, pola que se adxudican a plena propiedade e por metades indivisas a finca sita na rúa Abaixo 42, como herdeiros de M^a de los Dolores Costas Bea.

c) Oferta de venda

Consta no expediente o ofrecemento da venda ao Concello polos citados en calidade de propietarios así como aceptación do prezo, **81.856,26 €**

d) Outra información

Tamén consta a seguinte información:

- referencia catastral do inmovible, 0644213NG2704S0001RB
- certificado de non constar inscrita no Rexistro da propiedade a parcela a adquirir no barrio O Rocío,
- situación do mesmo na zona de actuación do anteproxecto (estudio previo) do ámbito de actuación de O Rocío redactado polo estudio de arquitectura CENDÓN-VÁZQUEZ ARQUITECTOS, de data xullo 2025, no que se analiza o o ámbito de actuación proposto, os usos e ocupacións dos espazos públicos, o estado dos servizos, as barreiras existentes e as posibilidades da súa diminución ou eliminación e en xeral todas aquelas accións encamiñadas a mellorar o barrio. Coa finalidade de eliminar os vehículos das rúas e recolocar os estacionamentos. O anteproxecto presenta como actuación necesaria para reorganizar e reorganizar o tráfico de vehículos, a adquisición da parcela baleira situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral nº 0644213NG2704S0001RB), coa previsión de proceder á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público.
- Consta ademais informe técnico de valoración da finca e calificación urbanística da finca, segundo cal a parcela que se pretende adquirir está clasificada no PXOM 2025, como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación U8 Actuacións unitarias consolidadas, e como espazo libre.

III.- Competencia, natureza xurídica do contrato e condicións da compravenda

1.- A competencia do Concello de Vigo para adquirir a parcelas é a propia en materia de equipamentos da súa titularidade, recollida no artigo 25.2 letra "d" da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e a de protección e defensa do patrimonio, artigo 28 Lei de patrimonio das administracións públicas.

2.- Natureza xurídica: o contrato ten natureza privada e rexerase polas disposicións do capítulo V do Título V da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

Especificamente o art. 116 LPAP no seu apartado 4 prevé a adxudicación directa como procedemento de adquisición de bens inmovibles atendendo ás peculiaridades das necesidades a satisfacer ou pola especial idoneidade do ben para o cumprimento dos fins do Concello, como é o caso, pois a necesidade é adquirir a parcela para á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público, e cumprir coas determinacións do proxecto de intervención artística para a rexeneración urbana integral do Barrio de O Rocío, sen que a compravenda de calquera outra parcela sexa idónea para este fin segundo planeamiento urbanístico do ámbito.

3.- En canto ás condicións da compravenda, serán as seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 110 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Obxecto.

Adquisición por compravenda da parcela do número 42 da rua Abaixo en o barrio de O Rocío desta cidade de Vigo, con referencia catastral 0644213NG2704S0001RB, sen inmatricular no Rexistro da Propiedade.

Prezo do inmovible

O prezo ven determinado no informe de valoración da técnica municipal, 81.856,26 €.

Forma de pagamento e outros gastos

A totalidade do prezo abonarase mediante transferencia bancaria.

O prezo percibirase na súa totalidade nun so pagamento que se realizará no momento do outorgamento da escritura pública.

Os impostos e arbitrios que se orixinen con ocasión do outorgamento de escritura serán satisfeitos integramente polas partes con arranxo á Lei.

Formalización do contrato

A compravenda formalizarase en escritura pública

Obrigas das partes

- Os ofertantes estarán obrigados ao estrito cumprimento das obrigacións establecidas neste documento así como ás demais que lles correspondan na lexislación vixente.*
- Os vendedores comprométense a outorgar escritura pública dentro do prazo dun mes seguinte á notificación do acordo de venda a tomar pola Xunta de goberno local do Concello de Vigo, e a pór a disposición do Concello a referida finca que se entregará libre de cargas e gravames*
- O Concello comprométese a realizar o pagamento na forma prevista*
- Unha e outra parte responden reciprocamente dos dereitos e deberes naturais e xurídicos derivados do contrato de compravenda.*

Natureza e xurisdición

A oferta ten natureza xurídico-privada, e rexerase pola lexislación patrimonial.

Corresponde aos órganos da Orde Xurisdiccional Civil o coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as partes. No entanto, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa de acordo coa normativa reguladora de devandita xurisdición, tal e como establece o artigo 110.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

Os efectos e extinción rexeranse polas normas de dereito privado.

Para cantas cuestións e litixios que poidan derivarse deste contrato, as partes sométense á xurisdición civil dos Tribunais de Vigo, con renuncia expresa de calquera outro foro e domicilio que en dereito puidera corresponderlles.

4.-Polo que se respeta o principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o importe dos contratos deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Con-

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 111 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9330 600.00.4462 Adquisición parcela barrio O Rocio, aparcadoiro, gasto para o que se emitiu un RC nº doc. 12025000155242 en data 17.11.2025, por importe de 52.880 euros restando emitir outro complementario para asumir o prezo da compravenda, esto é 28.976,26 euros

O gasto proposto cumpre co principio de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. A proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento municipal para o ano 2026. En consecuencia, supéditase de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

IV.- Procedemento

No artigo 11.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, dispónse que para a adquisición de bens por parte da administración a título oneroso téñense que cumprir os requisitos que establece a normativa sobre contratación.

Agora ben, este precepto é anterior á LCSP e, polo tanto, responde a un réxime xurídico que na actualidade xa non esta vixente. Xa que logo, ao non ser aplicable a partires da nova lei o art. 11 do RBEL, e mentres non se dite normativa concreta, haberase de aplicar supletoriamente as disposicións do capítulo V do Título V da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, por remisión do artigo 9.2 da mesma Lei 9/2017, de Contratos do sector público, que exclúe da lexislación de contratos ás compravendas, en tanto que contratos privados que se regulan pola lexislación específica patrimonial.

V.- Expediente completo

O expediente de adquisición contén os documentos necesarios referidos no artigo 116.3 LPAP, agás o informe da Asesoría xurídica que se recaba neste tempo: memoria na que se xustifica a necesidade ou conveniencia da adquisición, o fin ao que se pretenden destinar os inmobles e procedemento de adxudicación que se proponga seguir; así como tasación do ben.

VI.- Órgano competente

É competente para a sinatura do contrato, a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, núm 11 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.-Autorizar a adquisición do inmovble propiedade de Manuel Costas Bea e M^a Isabel Villanueva Márquez, situado na rúa Abaixo 42, barrio de O Rocío, con referencia catastral 0644213NG2704S0001RB, en réxime de compravenda polo procedemento de adxudicación directa nas condicións que de seguido se indican:

Obxecto.

Adquisición por compravenda da parcela do número 42 da rua Abaixo en o barrio de O Rocío desta cidade de Vigo, con referencia catastral 0644213NG2704S0001RB, sen inmatricular no Rexistro da Propiedade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 112 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Prezo do inmoble

O prezo ven determinado no informe de valoración da técnica municipal, 81.856,26 €.

Forma de pagamento e outros gastos

A totalidade do prezo abonarase mediante transferencia bancaria.

O prezo percibirase na súa totalidade nun so pagamento que se realizará no momento do outorgamento da escritura pública.

Os impostos e arbitrios que se orixinen con ocasión do outorgamento de escritura serán satisfeitos integramente polas partes con arranxo á Lei.

Formalización do contrato

A compravenda formalizarase en escritura pública

Obrigas das partes

- Os ofertantes estarán obrigados ao estrito cumprimento das obrigacións establecidas neste documento así como ás demais que lles correspondan na lexislación vixente.
- Os vendedores comprométese a outorgar escritura pública dentro do prazo dun mes seguinte á notificación do acordo de venda a tomar pola Xunta de goberno local do Concello de Vigo, e a pór a disposición do Concello a referida finca que se entregará libre de cargas e gravames
- O Concello comprométese a realizar o pagamento na forma prevista
- Unha e outra parte responden reciprocamente dos dereitos e deberes naturais e xurídicos derivados do contrato de compravenda.

Natureza e xurisdición

A oferta ten natureza xurídico-privada, e rexerase pola lexislación patrimonial.

Corresponde aos órganos da Orde Xurisdiccional Civil o coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as partes. No entanto, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa de acordo coa normativa reguladora de devandita xurisdición, tal e como establece o artigo 110.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

Os efectos e extinción rexeranse polas normas de dereito privado.

Para cantas cuestións e litixios que poidan derivarse deste contrato, as partes sométese á xurisdición civil dos Tribunais de Vigo, con renuncia expresa de calquera outro foro e domicilio que en dereito puidera corresponderlles.

Segundo.- Autorizar o gasto po importe de **81.856,26 €** con cargo á aplicación orzamentaria 9330 600.00.4462 Adquisición parcela barrio O Rocio, aparcadoiro, gasto para o que se emitiu un RC nº doc. 12025000155242 en data 17.11.2025, por importe de 52.880 euros restan-do emitir outro complementario para asumir o prezo da compravenda, esto é 28.976,26 euros.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 113 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro. - Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade e proceder a súa comunicación ao Consello de Contas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(449).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “ARRANXO E SANEAMENTO DA PASARELA EXISTENTE SOBRE A RÚA TEÓFILO LLORENTE NO CASCO VELLO”. EXPTE. 7021/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola técnica de Xestión de Servizos Xerais, o técnico de Administración Xeral (Resolución do 09/04/2026), o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, con data da última sinatura o 27.10.2026, resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa REFUERZA CONSULTORÍA TÉCNICA, SLU.

II.- A dita mercantil presenta, trala fase de supervisión, documento de proxecto de “ARRANXO E SANEAMENTO DA PASARELA EXISTENTE SOBRE A RÚA TEÓFILO LLORENTE NO CASCO VELLO” redactado polo enxeñeiro técnico Industrial José González Piñeiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E CATRO MIL NOVECENTOS DEZASETE EUROS con CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (84.917,56 €).

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 22.04.2026 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do técnico de Administración Xeral, o día 23.04.2026 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

IV.- O ámbito de actuación engloba a pasarela situada sobre a rúa Teófilo Llorente no Casco Vello de Vigo, que conecta a “Praza da Pedra” co “Miradoiro da Pedra”.

A estrutura da pasarela resolveuse con dous pórticos metálicos formados por perfís da serie HEB 320, que descansa sobre piares metálicos formados por perfís da serie HEB220.

As vigas e piares teñen danos por corrosión, moi localizados, a causa das escorrentas de augas, polo pavimento da pasarela, que incide na base dos piares, e que descende polo lateral da pasarela acumulándose e goteando nos rigidizadores do perfil HEB 320, que forman os pórticos da pasarela.

Os piares e vigas presentan un estado de protección anticorrosiva severamente degradado, con amplas zonas onde o sistema de recubrimento para a protección do aceiro encontrase totalmente deteriorado ou incluso inexistente, habendo esgotado en todos os casos a súa vida útil efectiva.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 114 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

No conxunto, a estrutura presenta un proceso patolóxico activo e en evolución, motivado pola combinación dunha exposición ambiental agresiva e de detalles construtivos que favorecen a acumulación e retención de auga sobre os elementos metálicos. Aínda que na maior parte dos puntos identifícanse focos de corrosión superficial sen repercusión estrutural inmediata, estes requiren protección para evitar a súa progresión. A gravidade dos danos localizados, especialmente nos soportes, xustifica a necesidade dunha intervención correctora que permita restituír a capacidade resistente e garantir a durabilidade do conxunto estrutural.

Detállanse a continuación as actuacións a realizar en cada un dos elementos estruturais inspeccionados e obxecto do presente proxecto de reparación:

As actuacións previstas no proxecto comprenden:

- A retirada puntual do pavimento nos encontros cos piares, o saneamento e preparación das superficies metálicas.
- A execución de reforzos por perda de sección en piares e vigas, incluída a reposición mediante aporte por soldeo con electrodo E7018 nos perfís HEB320 afectados e a configuración de zócalos que, ademais de restituír a capacidade resistente, garantan a durabilidade nun ambiente C4 evitando a acumulación de auga conforme aos criterios do DB-HS.
- Finalmente, aplicarase un sistema de protección superficial segundo UNE-EN ISO 12944-5 para categoría C4 e durabilidade Alta, composto por tres capas cun espesor total seco de 200 µm (75 µm de imprimación rica en zinc, 75 µm de epoxi intermedio e 50 µm de acabado poliuretano).

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES (3) MESES.

IV.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 12.05.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A actuación proposta non ten incidencia urbanística xa que centrase no arranxo e saneo da pasarela sen ningunha modificación na implantación, uso ou volumetría.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as obras que se propoñen non aumentan a altura total máxima existente da edificación, como pode verse na Memoria e nos Planos do proxecto, en consecuencia, enténdese que non é preciso o requirimento da

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 115 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 116 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“ARRANXO E SANEAMENTO DA PASARELA EXISTENTE SOBRE A RÚA TEÓFILO LLORENTE NO CASCO VELLO”** redactado polo enxeñeiro técnico Industrial José González Piñeiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS DEZASETE EUROS con CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (84.917,56 €), e asinado dixitalmente o día 11.05.2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(450).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE “RENOVACIÓN REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA”: PLAN DE INVESTIMENTOS DE AQUALIA. EXPTE. 1510/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/04/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 117 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento e cadro de prazos das unidades de obra acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021 e 10.04.26), e o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 04.12.2025.

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 20 de marzo de 2026 acordou:

Primeiro.- Aprobado o proxecto de “**RENOVACIÓN REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Daniel Prieto Renda, cun orzamento de execución material de CINCOCENTOS VINTE MIL TRECIENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (520.369,87 EUROS), e orzamento base de licitación (sen IVE) de SEISCENTOS DEZANOVE MIL DOUSCENTOS CORENTA CON CATORCE CÉNTIMOS (619.240,14 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 22/11/2024.

Segundo.- Aprobado os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA**”, por un importe de 25.992,48 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC INGENIEROS	10.407,40 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC INGENIEROS	10.407,40 €
Coordinación de seguridade e saúde	OSCAR PEREIRO TAIBO	2.601,85 €
	SUMA	23.416,65 €
	11% Gastos de Xestión	2.575,83 €
	TOTAL (IVE excluído)	25.992,48 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

IV.- Con data 23 de abril de 2025 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.510/441



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 118 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Nome e razón social do adxudicatario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE AUGAS FILTRADAS, S.A.
- NIF: A28223741
- Presuposto de execución material: 520.369,87 €
- Presuposto de contrata: 619.240,14 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día seguinte da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Grupo E, subgrupo 1, categoría 3.*
- *Prazo de garantía: 2 anos.*
- Asistencia técnica: **SOLTEC INGENIEROS**
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Oscar Pereiro Taibo

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo, e foi modificado po acordo de XGL de 10.04.26). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 119 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **RENOVACIÓN REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA** cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021 e XGL de 10.04.26) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.510/441
- Nome e razón social do adxudicatario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE AUGAS FILTRADAS, S.A.
- NIF: A28223741
- Presuposto de execución material: 520.369,87 €
- Presuposto de contrata: 619.240,14 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día seguinte da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Grupo E, subgrupo 1, categoría 3.*
- *Prazo de garantía: 2 anos.*
- Asistencia técnica: *SOLTEC INGENIEROS*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Oscar Pereiro Taibo

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 120 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Proxecto de convenio de colaboración coa asociación “Vida Digna” para o mantemento dun comedor social e dispensación de axudas de alimentos a persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Expte. 291585/301.
- Proxecto de convenio de colaboración coa Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo para a atención das necesidades básicas dos centros específicos para persoas en estado de necesidade. Expte. 296868/301.
- Renuncia á subvención concedida para o obradoiro dual de emprego “Vigo Capacita XI” (TR353A-2025/000021-5). Expte. 21906/77.
- Aprobación da modificación nº1 do contrato de obras “Vigo vertical. Implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada” no marco do PRTR. Expte. 2123/441.
- Informe ao recurso especial presentado contra a adxudicación da contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 51260/446

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(451).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN “VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. EXPTE. 291585/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 27/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/05/2026 asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área e conformado pola concelleira da Área de

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 121 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai anos coa Asociación “Vida Digna”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas dos centros específicos que atenden ás persoas en estado de necesidade e xestiona en Vigo un comedor social de fin de semana e un servizo de reparto de alimentos de primeira necesidade.

I.3. Para garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos da Asociación “Vida Digna”, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual (2026 – 2029), dando así continuidade ós subscritos en 2019 para o periodo 2019-2021 e en 2022 para o periodo 2022-2025.

I.4. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 - “*Convenio Vida Digna*”, por un importe de 51.435,00€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2027, 2028 e 2029 (en principio, 51.435,00€/ano) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“*Liña 1.6. Axudas de emerxencia*”: *Convenio Vida Digna*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.5. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.). Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 122 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación “Vida Digna” (exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029) para a execución do programa de comedor social de fin de semana e reparto de alimentos de primeira necesidade.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2026 – 2029)», que ten por obxecto a atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 205.740 €, a razón de 51.435,00 €/ano, con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación nº 2310.489.00.12 (“Convenio Vida Digna”) do orzamento vixente, a favor da Asociación “Vida Digna” (CIF G-36884708). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”: Convenio Vida Digna) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 123 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2026 – 2029)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. Ricardo Misa Díaz, con DNI nº 76.990.621-F, Presidente da «Asociación VIDA DIGNA», CIF nº G-36884708, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Brasil nº 54, baixo, de Vigo (CP 36204).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. Ricardo Misa Díaz, actuando en representación da «Asociación VIDA DIGNA», segundo así resulta dos seus estatutos e da certificación da Secretaria da Asociación de data 30.04.2026 achegada ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 124 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación VIDA DIGNA» é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra (nº 2001/005526-1), no RUEPSS (E-5716) e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 01119-10), que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.

II.- Que, entre os seus proxectos e programas de asistencia, desenvolve unha actividade de apoio con alimentos básicos a familias en situación de risco ou exclusión social e, ademais, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando ás persoas usuarias alimentación todos os sábados e domingos do ano, complementando deste xeito ós outros servizos de comedor da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este dispositivo para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Ademais, este recurso constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 125 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2026, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se compromete a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica, cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano. Atenderá tamén ás persoas que sexan derivadas pola Concellería de Política Social para axuda de alimentos por medio de paquetes mensuais que comprendan alimentos básicos e, ademais, bolsas de alimentos e roupa para as persoas sen fogar ou que non teñen acceso a cocinar.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 126 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 51.435,00€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto correspondente a 2026 imputarase á aplicación nº 2310.489.00.12 – “*Convenio Vida digna*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“*Liña 1.6. Axudas de emerxencia*”: *Convenio Vida Digna*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior ¹. O concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subven-

1 A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 127 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

NOVENA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades subvencionadas deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 128 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO QUINTA.- A «Asociación VIDA DIGNA» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEXTA.- A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 129 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO OITAVA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 130 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

VIXÉSIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro desta na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmasse que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO CUARTA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 131 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

(PES), as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

18(452).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DOS CENTROS ESPECÍFICOS PARA PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 296868/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 13/05/2026 e o informe de fiscalización do 27/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/05/2026 asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai anos coa “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable no tocante á atención de necesidades básicas dos centros específicos que atenden ás persoas en estado de necesidade (centros sociais, comedores, parroquias, asilos, etc.)

I.3. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 – “*Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*”, por un importe de 120.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.4. Coa finalidade de garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos da “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual. En concreto, propónse que a súa vixencia sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 132 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións ("Liña 1.6. Axudas de emerxencia": Convenio Fundación Banco de Alimentos) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.5. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa "Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo" para os exercicios de 2026-2029.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 133 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029 entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo” (CIF G-36899375) para a atención das necesidades básicas dos centros específicos para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 480.000€, a razón de 120.000€/ano, con cargo no exercicio de 2026 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 (“Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”: Convenio Fundación Banco de Alimentos) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2026 – 2029)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. José Ramón Santamaría Barreiro, con DNI nº ***9981**, Presidente da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», NIF nº G-36899375, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Alcalde Lavadores nº 102, CP 36214 Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 134 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Ramón Santamaría Barreiro, actuando en representación da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó expediente (acordo do Padroado da Fundación do 16.03.2026), asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» é unha fundación sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a obtención, almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a entidades e institucións (centros asistenciais, parroquias, comedores, asilos...) que teñan como fin axudar ás persoas necesitadas, proporcionándolles alimentos para atender ás súas necesidades primarias.

Foi declarada de interese asistencial (Orde da *Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública* do 05.06.2002) e de interese galego por Resolución da *Consellería de Asuntos Sociais* da Xunta de Galicia do 12.09.2002, estando inscrita no correspondente Rexistro co nº 2002/10. Está inscrita tamén no RUEPSS (E-1634) e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 00836-03).

A Fundación constitúe un recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade de Vigo, por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo moi utilizado polos servizos sociais.

Non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das axudas obxecto da normativa de subvencións públicas e atópase ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a centros e entidades asistenciais para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Neste sentido, a Fundación constitúe un valioso recurso que complementa ós que xa dispón o Concello como, por exemplo, as axudas e programas de emerxencia social ou os convenios para o financiamento dos comedores sociais da cidade.

III.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 135 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 136 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», que se compromete a colaborar coa Concellería de Política Social na atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, facilitándolles ás entidades e centros específicos os alimentos necesarios para tentar cubrir as necesidades básicas daquelas.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 120.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 480.000€. O gasto correspondente a 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 (*Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*).

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*Liña 1.6. Axudas de emerxencia: Convenio Fundación Banco de Alimentos*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

3. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 137 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

4. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período de vixencia do Convenio (2026-2029).

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SEXTA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

NOVENA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 138 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Fundación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

DÉCIMA.- A «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento. Obrígase tamén a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

DÉCIMO PRIMEIRA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumplir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO QUINTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterà memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 139 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 140 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SEXTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro desta na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmasse que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 141 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO SEGUNDA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

19(453).- RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA XI” (TR353A-2025/000021-5). EXPTE. 21906/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data asinado pola técnica de Administración xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 228, do martes 25 de novembro de 2025, a consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén de publicar a “ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A)”. Polo que, solicítase un novo proxecto ,o Obradoiro de Emprego “**VIGO CAPACITA XI**”, propoñendo as especialidades de Cociña e Montaxe e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 142 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

mantemento de paneis solares fotovoltaicos, pola demanda existente destas profesións, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 27/11/2025 a Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a "ORDE do 25 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026.

III. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 19 de decembro de 2025, acordou:

1. Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA XI", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A", publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 228, do martes 25 de novembro de 2025.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2026 e 2027, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar na Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA XI".

IV. Con data 20/04/2026 recíbese notificación da resolución de concesión da subvención polo importe solicitado para este obradoiro de 445.576,00€.

Segundo o recollido no apartado 2º das consideracións xerais da concesión da subvención *"A data do inicio da formación e as prácticas profesionais será o 1 de xuño de 2026"*

V. O artigo 11.1 da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, (código de procedemento TR353A) establece que a selección do persoal formador, directivo e de apoio que se contrate para a execución do proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante o procedemento que considere axeitado e atendendo á normativa vixente, tendo en conta as prioridades do proxecto, os itinerarios formativos e os criterios de igualdade e obxectividade.

O apartado segundo do dito artigo contempla a posibilidade de imputar ao obradoiro de emprego persoal propio da entidade beneficiaria que estea asignado ao proxecto, persoal contratado laboralmente ou persoal con nomeamento interino para o proxecto.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 143 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego ten comunicado a imposibilidade de realizar a contratación laboral temporal do equipo directivo do O.E. Vigo Capacita XI, conforme á lexislación laboral vixente, así como, a normativa e circunstancias que afectan á selección e nomeamento de funcionarios interinos, ao que hai que engadir que este servizo non dispón de persoal propio que poda imputar ao proxecto para impartir a formación do Obradoiro, nas especialidades de Cocíña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos e o prazo establecido na resolución de concesión para o inicio da formación e das prácticas remata o 1/06/2026.

Deste xeito, formulouse consulta á Consellería de Emprego, recibíndose contestación no servizo de Emprego en data 25/05/2026, na que o órgano autonómico indica que, no caso do persoal técnico, a partir de 1 de xaneiro de 2025, non se poden realizar contratos de traballo aos que se alude na disposición adicional novena da Lei 3/2023 de Emprego, *“sendo decisión desa entidade local optar polo procedemento de selección e contratación que considere mais axeitado, axustándose á normativa laboral vixente e á orde do 14 de novembro”*

Á vista das circunstancias expostas, e ao abeiro do establecido no art. 94 da da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, elévase proposta de renuncia á subvención concedida para o desenvolvemento do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA XI”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Art. 63.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións: “Mediante resolución acordárase tanto o outorgamento das subvencións, como o desistimento e a non concesión, por desestimación, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda. A resolución de concesión pon fin á vía administrativa, excepto nos supostos establecidos na Lei ou que veñan determinados nas correspondentes bases reguladoras.”

- Art. 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: establece que *“Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el ordenamiento jurídico, renunciar a sus derechos”*. E o mesmo precepto no seu apartado 3º: *“Tanto o desestimiento como a renuncia podrán hacerse por cualquiera medio que permita a su constancia, siempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.”*

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previa fiscalización polo departamento de Intervención.

Por todo o anteriormente exposto, de acordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 25 de setembro de 2025 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 144 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a renuncia á subvención concedida por Resolución de 17/04/2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia para o "**Obradoiro dual de Emprego VIGO CAPACITA XI**" (expte. TR353A-2025/000021-5), de acordo á "ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A)" pola imposibilidade de realizar a selección e contratación do persoal formador, directivo e de apoio para este obradoiro dual de emprego de acordo co disposto na dita Orde, na resolución de concesión e demais normativa aplicable.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e dar á Intervención Xeral Municipal.

TERCEIRO: Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(454).- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº1 DO CONTRATO DE OBRAS "VIGO VERTICAL. IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA" NO MARCO DO PRTR. EXPTE. 2123/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 20/05/2026 e o informe de fiscalización de data 28/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 25/05/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Área de Servizos Xerais, a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, que di o seguinte:

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 145 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA" NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA" (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do día 11 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar proxecto de obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS CORENTA E CATRO MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (3.344.461,20 €) e con sinatura dixital de data 03 de outubro do 2024 (tte. 51 do expdte. 6436-443).

Segundo.- Na sesión do día 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, FINANCIADO CON FONDOS DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION_EU, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 146 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 2 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, SLU o procedemento aberto para a contratación das obras de “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (2123-441) por un prezo total do contrato de 3.087.272,13 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 535.807,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

Cuarto.- O contrato formalizouse o día 29 de maio de 2025, contemplando un prazo de execución das obras de 15 meses.

Quinto.- O concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 2 de xuño de 2025, (en virtude das resolucións decretos da Alcaldía do día 19 de xuño de 2023 e do día 28 de xuño de 2024, e o acordo de delegación de competencias da XGL do día 28 de xuño de 2024), e previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. MANUEL EIRAS SILVA e ao Enxeñeiro Industrial D. OSCAR PARGA RODRÍGUEZ(tte. 6 do expte. 6727-443)”.

Sexto.- O día 26 de xuño de 2025, asinouse a acta de comprobación, dando comezo as obras ese mesmo día (tte. 47 do expdte. 6727-443).

Sétimo.- O día 20 de xaneiro de 2026, a Dirección Facultativa das obras emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU).

Tendo en conta o anterior, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, previo informe proposta do servizo xestor, o día 3 de febreiro de 2026, resolveu autorizar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU).

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 147 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Oitavo.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 26 de xaneiro de 2026 (en virtude das resolucións decretos da Alcaldía do día 19 de xuño de 2023 e do día 28 de xuño de 2024, e o acordo de delegación de competencias da XGL do día 28 de xuño de 2024), e previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) ao enxeñeiro técnico en Topografía Pablo Saavedra Salgueiro e ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Xacobe Paz Salgado (tte. 134 do expte. 6727-443).

Noveno.- O día 19 de decembro de 2025 asínase acta de suspensión temporal das obras por mor do bando do Nadal, reiniciándose as obras o día 7 de xaneiro de 2026 (ttes. 123 e 130 do expdte. 6727-443).

Décimo.- Pola dirección facultativa da obra presentase proxecto modificado nº1 das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) asinado o día 23 de abril de 2026 e cun orzamento total de 3.267.437,83 euros.

Undécimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista e ao redactor do proxecto, durante o prazo conferido para o efecto, estes manifestaron a súa conformidade coa modificación proposta en escrito asinado o día 24 de abril de 2026.

Duodécimo.- O día 4 de maio de 2026, pola Dirección Facultativa da obra emítese informe técnico sobre o proxecto modificado n.º 1 das obras.

Así mesmo, consta no expediente informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal do día 5 de maio de 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 148 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
- e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 149 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

a) Prestacións adicionais.

Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

- 1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.
- 2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
- 2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- 3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 150 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

-III-

Da modificación do contrato das obras do proxecto modificado nº1 “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION)”

O contrato que se pretende modificar é un contrato de obras que ten por obxecto a execución das obras incluídas no proxecto de obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU).

A modificación é proposta pola dirección facultativa das obras, en informe do día 4 de maio de 2026. Do mesmo despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.

Comezaremos por analizar a **concorrenia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi**:

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato. Do procedemento nos ocuparemos no fundamento xurídico seguinte.

1.- A concorrenia dunha razón de interese público

A modificación obedece a unha razón de interese público, tal e como argumenta a dirección facultativa no seu informe técnico, no apartado VIII CONCLUSIÓN, ao sinalar o seguinte:

“As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº1 das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra, mellorando a calidade dos espazos en favor do peón, asegurando a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e mellorando as redes de servizos; e que as mesmas encóntranse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 14 b das FEC, tal como se define no presente informe.”

2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 151 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O prego prevé a modificación do contrato e a regula na cláusula 35 e no apartado 14 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP.

A cláusula 35 remite a regulación das modificacións previstas ao apartado 14 das FEC, especificando que non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

"14.MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si

B) **ASPECTOS A MODIFICAR:** *as unidades de obra relacionadas con traballos previos, pavimentos e firmes, estruturas, saneamento e drenaxe, abastecemento, electricidade, alumado público, elementos de transporte mecánico, telecomunicacións, semaforización, gas, xardinería, rede de rego, mobiliario urbano, sinalización, arqueoloxía, xestión de residuos e seguridade e saúde*

C) **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

- *Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condición xeotécnicas lu contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- *Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento das instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*
- *A orde da Autoridade Responsable para adoptar medidas correctoras para garantir o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e os mecanismos establecidos para o seu control, así como ó preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar un dano significativo e as consecuencias en caso de incumprimento.*

D) **LIMITES DA MODIFICACIÓN:** *20% do prezo do contrato (parte fixa mais parte variable)*

E) **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:**

Na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no prego tipo aprobado que poderá consultarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector público, no apartado documentos https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPyKssy0xPLMnMz0vMAfljU1JTC3ly87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMjU5wK9CN9I8ILOpIMiyLylwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFRzFEv/

Ditos prezos unitarios son prezos de execución material polo que inclúen custos directos e indirectos. Non inclúen nin gastos xerais (13%) nin beneficio industrial(6%). Tampouco inclúen IVE/IVE en vigor. A dito cadro prezos unitarios se-ralle de aplicación a baixa económica ofertada polo adxudicatario.

2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivadas pola aparición dun recubrimento insuficiente sobre o taboleiro da estrutura e pola adaptación á normativa sobre gases fluorados de efecto invernadoiro, tal



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 152 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

e como sinala a dirección facultativa da obra no seu informe do día 4 de maio de 2026, que determina que:

“II.1. Modificacións derivadas da aparición dun recubrimento insuficiente sobre o taboleiro da estrutura

O proxecto construtivo recolle a instalación de catro plataformas móbiles na marxe esquerda en sentido ascendente do Paseo de Granada. Tres destes elementos execútanse sobre o terreo, mentres que o máis próximo á Avenida das Camelias apoia nunha estrutura de tipoloxía viaduto sobre a rúa Cachamuiña-Ronda de Don Bosco. Debido a isto, o tipo de elemento que se proxectou para este último caso foi o i-Walk, posto que este tipo de rampla require dunha menor profundidade de foso en comparación cos modelos convencionais.

Porén, e unha vez iniciados os traballos de demolición e escavacións na zona prevista para a colocación do i-Walk constatouse que o recubrimento existente sobre o taboleiro do viaduto é inferior ao previsto, polo que a instalación do i-Walk nas condicións previstas orixinalmente implicarían, para non afectar á estrutura do viaduto, unha elevación da rasante final da rampla.

Como no deseño proxectado se partía da condición de dispoñer dun espesor suficiente para instalar o i-Walk mantendo practicamente inalterada a rasante existente (de xeito que os encontros con viarios adxacentes – Ronda Don Bosco e Avenida das Camelias – non se visen condicionados, nin o acceso ás fincas lindeiras), resulta agora necesario modificar a implantación das plataformas móbiles para atopar unha solución que, garantindo unha rasante adecuada que permita compatibilizar a accesibilidade coas fincas lindeiras e a conexión coas rúas adxacentes, non comprometa a seguridade estrutural do viaduto.

A tal fin, resulta necesario variar a implantación e lonxitude da terceira rampla e o i-Walk, de xeito que se permita suavizar as pendentes precisas para realizar os acordos lonxitudinais e transversais coa súa contorna, evitando ditas afeccións.

Resulta igualmente necesario prever o axardinamento a ámbolos dous lados do i-walk para salvar a diferenza de altura entre o elemento mecánico e a beirarrúa. Comprobouse ademais que na zona sobre o viaduto e debido á modificación das rasantes resulta insuficiente a altura da varanda existente, polo que deberá ser substituída por unha nova varanda que garanta a seguridade peonil ó circular pola beirarrúa.

Asemade, a falta de recubrimento do viaduto impide que a canalización de abastecemento discorra soterrada no seu último tramo. En consecuencia, resulta necesario modificar a súa implantación, executándoa anexa á cara exterior do iwalk, debidamente protexida por unha chapa metálica.

II.2. Modificacións derivadas da normativa sobre gases fluorados de efecto invernadoiro

O proxecto contempla a execución dun novo centro de transformación, anexo ao acceso ao aparcadoiro de funcionarios. Dentro deste centro de transformación prevese a instalación de dous transformadores, que virían a substituír ao existente actualmente no interior do edificio do Concello, unha vez que se executase a mellora da instalación eléctrica da casa consistorial (obxecto doutra actuación).

O “Regulamento (UE) 2024/573 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 7 de febrero de 2024, sobre los gases fluorados de efecto invernadero, por el que se modifica la Directiva (UE) 2019/1937, y se deroga el Reglamento (UE) nº 517/2014” prohíbe a posta en servizo de aparatos eléctricos de media tensión (≤ 24 kV) que empreguen gas SF6 a partir do 1 de xaneiro de 2026 (artigo 13.9), debido á elevada contribución ao quecemento global deste composto, xa que é miles de veces máis potente que o CO2.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 153 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A entrada en vigor desta prohibición (1 de xaneiro de 2026), posterior á data de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (11 de outubro de 2024), fixo que non se tivese en conta esta limitación durante a redacción do mesmo.

Dado que os dous transformadores previstos no proxecto non poden ser instalados (ao non preverse libres de gas SF6), e tendo en conta que, de instalarse no momento actual os transformadores, estes non entrarían en servizo ata executarse a mellora da instalación eléctrica da casa consistorial, decídese non instalar os transformadores con cargo a este proxecto, e prever a súa instalación no proxecto de mellora da instalación eléctrica de media tensión da casa consistorial (expte 1946-441 e 6931-443, proxecto actualmente redactado en fase de supervisión de proxecto, previo á súa aprobación en Xunta de Goberno Local).

Deste modo, evítase a perda de prazo de garantía dos equipos durante un período de tempo no que non estarían en funcionamento, e se evita unha posible obsolescencia dos transformadores ante novos requisitos normativos ou requirimentos técnicos derivados do proxecto en redacción”.

O apartado 14.C. prevé entre as circunstancias que determinan a modificación do contrato:

- *Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condición xeotécnicas u contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*

- *Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento das instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

2.2.- Aspectos a modificar

Tal e como sinala a dirección facultativa no seu informe técnico, as modificación afectan ás unidades de obra relacionadas con elementos de transporte mecánico, xardinería, mobiliario urbano e electricidade.

2.3.- Límites da modificación

O apartado 14.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP alcanzan un total de 30.110,46 euros, supoñendo o 0,98% do prezo do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 154 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

		ORZAMENTO PRIMITIVO	ORZAMENTO MODIFICADO	Modificacións previstas no PCAP (art 204)	Variacións de unidades conforme ó artigo 242.4i) da LCPS	TOTAL
Cod	Resumen	Importe E.M.	Importe E.M.	Eur	Eur	Eur
1	Trabajos previos	66.573,61	83.841,11	0,00	17.267,50	17.267,50
2	Pavimentos y firmes	371.103,26	372.081,71	0,00	978,45	978,45
3	Estructuras	108.196,51	127.439,56	0,00	19.243,05	19.243,05
4	Saneamiento y drenaje	162.470,62	186.585,89	0,00	24.115,27	24.115,27
5	Abastecimiento	47.753,53	48.787,97	0,00	1.034,44	1.034,44
6	Electricidad	178.609,27	154.528,47	-24.080,80	0,00	-24.080,80
7	Alumbrado público	121.699,72	123.272,66	0,00	1.572,94	1.572,94
8	Elementos de transporte mecánico	890.752,32	953.409,38	29.489,18	33.167,88	62.657,06
9	Telecomunicaciones	5.265,15	15.738,40	0,00	10.473,25	10.473,25
10	Semaforización	50.067,73	55.108,75	0,00	5.041,02	5.041,02
11	Gas	9.044,90	9.044,90	0,00	0,00	-
12	Jardinería	42.441,98	57.816,05	15.374,07	0,00	15.374,07
13	Red de riego	6.340,57	6.340,57	0,00	0,00	-
14	Mobiliario urbano	65.523,23	67.394,33	1.871,10	0,00	1.871,10
15	Señalización	7.702,19	7.702,19	0,00	0,00	-
16	Arqueología	7.844,00	7.844,00	0,00	0,00	-
17	Varios	106.908,85	106.908,85	0,00	0,00	-
18	Gestión de residuos	21.177,40	21.177,40	0,00	0,00	-
19	Seguridad y salud	53.228,96	53.228,96	0,00	0,00	-
		2.322.703,80	2.458.251,15	22.653,55	112.893,80	135.547,35
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	2.322.703,80	2.458.251,15	22.653,55	112.893,80	135.547,35
	13% GASTOS XERÁIS	301.951,49	319.572,65	2.944,97	14.676,19	17.621,16
	6% BENEFICIO INDUSTRIAL	139.362,23	147.495,07	1.359,21	6.773,63	8.132,84
	SUMA	2.764.017,52	2.925.318,87	26.957,73	134.343,62	161.301,35
	21% I.V.A.	580.443,68	614.316,96	5.661,12	28.212,16	33.873,28
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	3.344.461,20 €	3.539.635,83 €	32.618,85 €	162.555,78 €	195.174,63 €
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN CON BAIXA (0,0769)	3.087.272,13 €	3.267.437,83 €	30.110,46 €	150.055,24 €	180.165,70 €
				0,98%	4,86%	

Á vista destes datos podemos concluír que a modificación proposta esta dentro dos limites previstos.

2.4.- Especialidades do procedemento de modificación

O PCAP no apartado 14.D das FEC recolle como especialidades do procedemento de modificación que “que na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no prego tipo aprobado que poderá consultarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector público, no apartado documentos

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfljU1JT C3ly87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CN9I8l0pIMiyLylwO9jUJc0yLcK7 UdbW31C3JzHQFRzFEv/

Ditos prezos unitarios son prezos de execución material polo que inclúen custos directos e indirectos. Non inclúen nin gastos xerais (13%) nin beneficio industrial(6%). Tampouco

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 155 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

inclúen IVE/IVE en vigor. A dito cadro prezos unitarios seralle de aplicación a baixa económica ofertada polo adxudicatario.

No entanto neste procedemento non foi necesario aplicar esta especialidade prevista por canto non existen unidades de obra novas non prevista no orzamento do proxecto.

3.- Do prazo de execución do contrato

O apartado 4.A das FEC recolle un prazo de execución das obras de 15 meses, contados dende o día da sinatura da acta de comprobación de replanteo (26.06.2025).

Tendo en conta a acta de suspensión temporal das obras incorporada ao expediente de execución de obras (6727-443) e o informe de prazos asinado pola dirección facultativa o día 30.04.2026, aínda resta do prazo de execución de obras 281 días.

-IV-

Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e artigo 242 do mesmo texto que regula as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

- 1) Redacción da modificación do proxecto, e previa audiencia do contratista no caso de que as modificacións supoñen a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste.

Neste caso as modificacións non supoñen a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto nin as súas características difiren das fixadas neste, polo que non é necesaria a previa audiencia do contratista respecto a este extremo.

Así mesmo, consta no expediente a redacción do proxecto modificado nº1 das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU), asinado pola dirección facultativa o día 23 de abril de 2026.

- 2) Previa audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes documentos preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

Neste caso, consta audiencia ao redactor do proxecto, o cal manifesta a súa conformidade en escrito asinado en data 24 de abril de 2026 (trámites 374, 379 e 380 do expediente dixital).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 156 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

3) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade en relación co proxecto modificado e coa modificación proposta en escrito asinado o día 24 de abril de 2026 (trámites 373, 377 e 378 do expediente dixital).

4) Aprobación técnica do proxecto modificado pola dirección facultativa o día 23 de abril de 2026 (trámites 369 ao 372 do expediente dixital).

5) Informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

Neste caso consta no expediente informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal do día 05.05.2026 (trámite 390 do expediente dixital).

6) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por cuanto non concorre ningún dos requisitos previstos no citado artigo.

7) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .

8) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).

9) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).

10) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.

11) Publicación.

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 157 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no «Diario Oficial da Unión Europea».

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

Ao tratarse dun contrato de obras cuxo importe de adxudicación excede os 600.000 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas (artigo 335 da LCSP).

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9.C) das FEC do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% importe de adxudicación excluído o IVE/ 5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 7.444,86 euros.

-VI-

Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 158 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 LPA).

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION) redactado pola dirección facultativa da obra, o enxeñeiro topográfico Pablo Saavedra Salgueiro e enxeñeiro de camiños, canais e portos Xacobe Paz Salgado, cun orzamento total que ascende a 3.267.437,83 €, o que supón un importe líquido adicional de 180.165,70 €, dos cales un 0,98% (30.110,46 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas previstas no artigo 204 da LCSP. Asemade inclúese un 4,86% (150.055,24 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 1539 6090031 do vixente orzamento por importe de 180.165,70 €

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva incrementándoa en 7.444,86 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.-Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 159 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso.

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

6º.- Comunicar ao Consello de Contas."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(455).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 51260/446

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/05/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de or-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 160 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

ganización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 3 de setembro de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 3 de outubro as 23.59.

Terceiro.- Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA (50 %) - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, SL (25 %) - INGESER ATLÁNTICA, SL (18 %) - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, SL (7 %)
2. GRUPORAGA, SA
3. PREZERO ESPAÑA, SA
4. UTE SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (50 %) - SETEC BUILDING, SLU (50 %)
5. URBASER, SA
6. UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE (60 %) - MANTEN (40 %)
7. TALHER, SA

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 161 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo (en adiante, a Mesa), na súa sesión do 9 de outubro de 2025, acordou admitir a todos os licitadores con excepción de TALHER, SA., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A TALHER, SA, solicitoulle a emenda da citada documentación.

Quinto.- En data 15 de outubro de 2025, a Mesa acordou admitir a TALHER, SA, por ter emendado correctamente a documentación persoal. A continuación procedeu a apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Sexto.- Na sesión da Mesa do 10 de marzo de 2026, entrégase o informe asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns o 5 de marzo de 2026 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, o cal é aceptado polo Mesa. A continuación procedeuse, en acto público, a apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e acordouse solicitar informe do mesmo ao servizo xestor.

Sétimo.- A Mesa, na sesión do 18 de marzo de 2026, á vista do informe asinado pola adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 13 de marzo de 2026, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PREZERO ESPAÑA, S.A. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade.

Oitavo.- Na sesión do 30 de marzo de 2026, a Mesa á vista do informe asinados pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 25 de marzo de 2026, acordou formular proposta á Concelleira delegada de Contratación, de aceptación da xustificación das baixas con valores anormais ou desproporcionados de PREZERO ESPAÑA, SA, que a aceptou en resolución da mesma data.

Noveno.- A Mesa, na sesión de 6 de abril de 2026, aceptou o informe de valoración do sobre C dos citados funcionarios, e formulou proposta de clasificación a concelleira delegada da área de Contratación.

Décimo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 6 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51260-446) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 162 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN	97,58
2	PREZERO ESPAÑA, SA	94,54
3	TALHER, SA	92,82
4	GRUPORAGA, SA	90,11
5	URBASER, SA	83,02
6	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA – EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, SL – INGESER ATLÁNTICA, SL – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, SL	79,96
7	UTE SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA – SETEC BUILDING, SLU	79,03

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares. ”.

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o mesmo día.

Undécimo.- A XGL, na sesión do 24 de abril de 2026, á proposta da Mesa de contratación formulada na sesión de 21 de abril, unha vez revisada a documentación achegada polo licitador primeiro clasificado, acordou:

“Adxudicar a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51260-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 60.191.318,09 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.051.710,54 euros.*
- b) *O incremento da porcentaxe mínima destinado ás campañas de divulgación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato que fixa o PPPT (1,5% de aplicación ao importe total do gasto antes de aplicar os GG e o BI) é de 0,5”*

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 27 do mesmo mes e ano.

Duodécimo.- En data 19 de maio de 2026, D^a. Maria José Coello Garcia, en nome e representación da mercantil PREZERO ESPAÑA, S.A.U., (en adiante, PREZERO ou o recorren-

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 163 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

te), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación.

Décimo terceiro.- O recurso foi admitido a trámite, solicitándose o correspondente informe ao órgano de contratación. A área de Contratación e Novos Proxectos, para a redacción da proposta de informe, solicitou informe sobre o recurso ao servizo xestor do contrato. O informe é asinado en data 25 de maio pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da XGL de do 4 de marzo de 2026, de adxudicación procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51261-446).

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 164 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

S.ord. 29/05/2026



-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 166 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 167 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 19 de maio de 2026. Dado que a adxudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 27 de abril, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

PREZERO impugna a adxudicación porque considera que a valoración técnica dos criterios de xuízo de valor da oferta da UTE adxudicataria non ten en conta un conxunto de incumprimentos que, ao seu xuízo son causa de exclusión e/ou subsidiariamente de redución da puntuación outorgada. En consecuencia, alega que se aplicaron criterios discriminatorios ao valorar as ofertas conculcando os principios de igualdade de trato, legalidade e seguridade xurídica (alegación segunda).

O recorrente articula os motivos de impugnación nas alegacións terceira a sexta. Na alegación sétima inclúe a xurisprudencia e a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación acerca *“Del carácter vinculante del pliego de licitación como ley del contrato y necesaria exclusión de las ofertas que no cumplan los requisitos/condicionantes fijados en el mismo”* coa que a informante está de acordo e non constitúe unha alegación propiamente dita polo que non será obxecto de resposta. A alegación oitava versa sobre o carácter insubsanable dos defectos advertidos na oferta adxudicataria. No mesmo, tras citar a doutrina e a xurisprudencia acerca dos defectos subsanables e insubsanables da documentación presentada polos licitadores, conclúe que os defectos de que adoece a oferta do adxudicatario, indicados nas alegacións anteriores, son insubsanables. No entanto, neste procedemento non se requiriu a subsanación de documentación ningunha polo que, a xuízo da informante, non procede traer a colación a citada doutrina.

Dado que o que se cuestiona no escrito de recurso é a valoración técnica dos criterios avaliados mediante xuízo de valor da oferta do adxudicatario, solicitouse informe ao respecto ao servizo xestor, que o emite en data 25 de maio de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 168 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Analizaremos un a un os motivos de impugnación contidos nas alegacións do recorrente:

1º.- Incumprimento na oferta da ute por excluír custos laborais de obrigada inclusión (alegación terceira)

Comezaremos por reproducir o informe do servizo xestor acerca da mesma:

“Neste apartado o recorrente sostén, en síntese, que a oferta presentada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN incumpre o convenio colectivo aplicable e, en consecuencia, os pregos da licitación, ao non contemplar o custo derivado da promoción automática dos traballadores coa categoría de Peón a Auxiliar Xardineiro tras un ano de servizo efectivo. En concreto, invoca o artigo 4.c.8 do Convenio colectivo do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes do Concello de Vigo (2024-2027), que establece que a permanencia na categoría de Peón Xardineiro non poderá superar un ano, debendo pasar o traballador á categoría superior de Auxiliar Xardineiro; entendendo que este ascenso constitúe un custo obrigatorio, certo e ineludible, que a propia Memoria Económica do contrato identifica expresamente, polo que debía ser necesariamente incorporado á oferta económica.

Porén, o recorrente afirma que a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN con-signa na súa estrutura de custos a categoría de Peón durante toda a vixencia contractual, aplicando unicamente incrementos derivados do IPC e sen prever ningunha partida específica relativa ao cambio de categoría nin ao incremento salarial asociado.

Ao seu xuízo, dita omisión supón:

- unha redución artificial do prezo ofertado, ao non incluír un custo laboral obrigatorio;*
- unha distorsión da competencia respecto doutros licitadores;*
- e un incumprimento da cláusula 14.5.2 do PCAP, relativa á necesaria concordanza da oferta cos custos reais e coa documentación do expediente.*

concluindo que a oferta da UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN debía ser excluída da licitación conforme ao previsto na citada cláusula do PCAP.

En relación coa alegación relativa á suposta omisión do custo derivado da progresión profesional do persoal encadrado na categoría de peón, cómpre indicar que a mesma non pode ser acollida, por partir dunha interpretación excesivamente formalista da estrutura do orzamento e por atribuír á memoria económica un carácter contractual vinculante que non lle corresponde.

A memoria económica ten unha finalidade esencialmente xustificativa e orientativa respecto dos custos estimados do contrato, mais nin o PCAP nin o modelo de orzamento detallado imposto aos licitadores esixían a inclusión dunha partida específica e diferenciada relativa ao “Cambio de categoría de peóns a auxiliares”. Consecuentemente, a ausencia dunha desagregación autónoma deste concepto non pode ser interpretada, por si soa, como unha omisión material do custo nin como un incumprimento dos pregos.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 169 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Da análise económica da oferta presentada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN non pode concluírse que o referido custo fose materialmente omitido, senón que este foi integrado de maneira agregada dentro das partidas salariais correspondentes á categoría de peón. En concreto, para o ano 1 da execución contractual, o licitador consigna un importe total de 1.575.054,15 € para os 38 peóns, fronte aos 1.384.188 € previstos na memoria económica do contrato, o que representa unha diferenza positiva de 190.866,15 €. Tal importe resulta, ademais, superior á estimación global efectuada polo Concello para financiar os cambios de categoría ao longo de toda a execución do contrato, cuantificada en 188.054 €.

Así mesmo, o custo total de persoal consignado na oferta da UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN ascende a 41.878.800,58 €, importe superior en aproximadamente 1,3 millóns de euros á estimación efectuada polo Concello, fixada en 40.550.632 €, e en arredor de 1,5 millóns de euros respecto da oferta presentada pola parte recorrente. Tal circunstancia pon de manifesto a existencia de marxe económica suficiente para facer fronte ás obrigas derivadas da aplicación do convenio colectivo, incluídas as correspondentes ás progresións profesionais do persoal.

Neste contexto, a ausencia dunha partida diferenciada para o cambio de categoría non constitúe un “erro manifesto” nin unha “inconsistencia que faga inviable a oferta” nos termos das cláusulas 14.5.2.d) e e) do PCAP, toda vez que a suficiencia financeira da partida de persoal queda garantida no cómputo global da categoría afectada.

Cómpre lembrar, ademais, que o propio PCAP establece que o contratista formula a súa proposta a risco e ventura, asumindo de forma directa e non trasladable calquera variación ou mellora das condicións laborais derivadas da aplicación do convenio colectivo. Neste contexto, a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN dotou a partida de persoal con importes superiores aos previstos na licitación, garantindo así a viabilidade económica e social do servizo e evidenciando que non existe nin unha redución artificial do prezo nin unha ocultación de custos laborais obrigatorios, toda vez que a oferta dispón de cobertura económica suficiente para asumir tales obrigas, aínda que sen identificalas nunha partida independente.

Tampouco existe distorsión da competencia, dado que os pregos non impoñían unha metodoloxía concreta de desagregación dos custos, sendo lexítimo que os licitadores integrasen determinados conceptos de forma agregada. Para que puidese apreciarse unha efectiva alteración da concorrencia sería preciso acreditar que o licitador obtivo unha vantaxe competitiva mediante a infravaloración ou exclusión de custos obrigatorios, circunstancia que non concorre no presente caso. Pola contra, unha oferta que prevé custos de persoal superiores aos estimados pola Administración non pode ser cualificada como inviable nin constitutiva de competencia desleal, senón que reforza precisamente a solvencia e sustentabilidade da prestación contractual.

Finalmente, non concorre ningunha das causas de exclusión previstas na cláusula 14.5.2 do PCAP, xa que non se aprecia falta de concordancia coa documentación contractual, inviabilidade económica nin incumprimento acreditado das obrigas laborais aplicables”.

A alegación formulada pola recorrente parte dunha interpretación incorrecta tanto da documentación contractual, como do convenio colectivo aplicable e do alcance das obrigas deri-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 170 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

vadas do mesmo. Efectivamente, o primeiro erro é considerar que o convenio colectivo de aplicación para calcular os custes salariais é o convenio de empresa.

O convenio colectivo a aplicar, na execución dun contrato, nin é elixible pola Administración nin se determina nos pregos da correspondente licitación, é unha cuestión de Dereito laboral, respecto da cal ningún efecto xurídico ten a mención que poden facer os pregos a un ou outro convenio. Polo tanto, para calcular os custos laborais para a determinación do orzamento base de licitación do contrato, o órgano de contratación deberá acudir ao convenio colectivo que razoablemente entenda que resulta de aplicación, sen que ese convenio vincule, en ningún caso, ás empresas licitadoras, que deberán aplicar o convenio colectivo que corresponda segundo o dereito laboral.

Con carácter xeral, a LCSP determina que a Administración ha de acudir ao convenio sectorial de referencia. Así se desprende dos seguintes preceptos:

- Artigo 122.2: que determina que os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares deben recoller obrigatoriamente a existencia de que o adxudicatario cumpra as condicións salariais dos traballadores conforme o convenio colectivo sectorial de aplicación.
- Artigo 201: obriga aos órganos de contratación a tomar as medidas pertinentes para garantir que os contratistas cumpren as obrigacións en materia social e laboral, incluíndo de forma expresa o cumprimento dos convenios colectivos vixentes.
- Artigos 100.2 e 101: esixen que os custos salariais derivados dos convenios sectoriais sexan tidos en conta e valorados de forma realista tanto no cálculo do orzamento base de licitación como no valor estimado do contrato.
- Artigo 149.4: faculta á Administración para considerar unha oferta anormalmente baixa ou desproporcionada se se constata que incumpre as obrigacións laborais establecidas nos convenios colectivos vixentes en aplicación do artigo 201.

A cuestión complícase cando deba operar a subrogación laboral, como no caso que nos ocupa. Esta só pode vir imposta por un convenio colectivo de ámbito superior ao de empresa, por canto a cláusula de subrogación non pode resultar de aplicación a outra empresa que non forma parte do devandito convenio.

Tal e como determina o informe informe 1/2021, de 18 de febreiro, “sobre la determinación del presupuesto de licitación cuando el adjudicatario del contrato debe subrogarse en determinadas relaciones laborales”:

“En relación con el convenio colectivo que se ha de utilizar para obtener el coste salarial a tener en cuenta en el presupuesto de licitación en un determinado contrato, con carácter general ha de ser el convenio sectorial aplicable en el lugar de prestación de los servicios y no el convenio de empresa. En este sentido se ha pronunciado el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en su Sentencia 1128/2003, en la que indica: “el convenio de empresa vincula a la empresa que lo suscribió y a sus trabajadores, por lo que no puede extenderse o trasladarse a la nueva adjudicataria a través del pliego de cláusulas administrativas, además de que ello entrañaría que la Administración se vería obligada a asumir el precio de las condiciones pactadas entre la anterior adjudicataria y sus trabajadores, lo que conculcaría el contenido del artículo 14.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, en su último in-

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 171 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ciso (actual 100.2 de la LCSP), en cuanto establece que el órgano de contratación cuidará de que el precio de los contratos sea el adecuado al mercado”.

Aclara neste senso o Tribunal Administrativo De Contratación Pública de la Comunidad de Madrid na resolución nº 189/2020, de 13 de agosto de 2020 (fundamento xurídico quinto):

“Como ha mantenido este Tribunal en anteriores ocasiones, el órgano de contratación debe cumplir con lo estipulado en los artículos 100, 101, 102 y 130 de la LCSP, al fijar el importe de licitación de un contrato, pero no está obligado a adecuarlo a los costes laborales de la empresa saliente, pues en tal caso, quedaría al arbitrio de la actual adjudicataria la fijación del valor estimado y del presupuesto del contrato. En consecuencia, las listas de personal a subrogar informan el personal incluido y su antigüedad pero no determinan directamente el cálculo del coste del contrato. Los licitadores deberán hacer el cálculo económico teniendo en cuenta además de las personas a subrogar, los salarios de las distintas categorías de trabajadores según el convenio aplicable y las horas o prestaciones previstas en el Pliego. A partir de ahí pueden organizar el servicio de la mejor manera”.

Nesta liña, o servizo xestor na Memoria económica indica que para determinar os custes salariais partiu do convenio colectivo sectorial, o Convenio colectivo de ámbito estatal de xardinería 2021-2024 (BOE nº 167 de 13 de xullo de 2022), tendo en conta a súa revisión recollida na “Acta de revisión salarial para os anos 2023, 2024 e 2025 do Convenio colectivo de empresas de centros de xardinería” (BOE nº 284 de 25 de novembro de 2022). Se ben, para garantir que o orzamento base de licitación cubra os custes salariais, á vista da información facilitada polo actual contratista en cumprimento do previsto no artigo 130 da LCSP, se tivo en conta, “os custos derivados da antigüidade do persoal susceptible de ser subrogado, así como posibles incrementos salariais futuros”, e o convenio colectivo de empresa.

Tal e como indica o servizo xestor, a oferta do adxudicatario cumpre cos custes laborais, e non incorre en valores anormais ou desproporcionados, polo que procede desestimar esta alegación.

2º.- Alegación cuarta: incumplimento na oferta da ute por incorrecta fixación de custos de vacacións de persoal

Reproducimos, en primeiro lugar, o informe do servizo xestor acerca da mesma:

“Prezero España SAU alega que a oferta presentada polo licitador incumpre as determinacións dos pregos en materia de custos de persoal, ao non ter contemplado correctamente o custo correspondente á substitución por vacacións. En concreto, indica que o informe técnico de valoración fixa para dito concepto unha porcentaxe do 8,33 %, mentres que da análise do estudo económico achegado pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN se desprendería que a porcentaxe realmente aplicada é sensiblemente inferior, cifrándoa nun 4,76 %.

Ao xuízo do recorrente, isto supón unha infravaloración dos custos laborais obrigatorios asociados ás substitucións por vacacións, especialmente se se compara co cálculo efectuado para o absentismo, que si considera correctamente axustado á porcentaxe prevista na documentación técnica. Sobre esta base, entende que a oferta debía ser excluída en aplicación da cláusula 7.B.2.a.2 do PCAP, ao non





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

recoller o orzamento detallado a totalidade dos custos de persoal que considera de obrigada inclusión.

Con carácter subsidiario, para o caso de non estimarse a exclusión da oferta, o recorrente solicita a aplicación dos coeficientes redutores de puntuación previstos nos pregos para aqueles supostos nos que a oferta non presente o grao de detalle esixido ou non especifique adecuadamente os custos laborais por categorías profesionais. Así mesmo, invoca como precedente a aplicación efectiva de coeficientes correctores a outra empresa licitadora durante o procedemento de valoración, sostendo que o mesmo criterio debería terse aplicado tamén á oferta adxudicataria.

En relación coa suposta infravaloración dos custos asociados ás substitucións por vacacións na oferta presentada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN, procede realizar as seguintes consideracións.

En primeiro lugar, indicar que, conforme ao establecido na cláusula 7.B.2.a.1 do PCAP, a oferta económica presentada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN cumpre integramente co grao de detalle esixido no modelo de xustificación de custos. En efecto, o orzamento presentado identifica de forma completa todos os campos requiridos no Anexo VI, incluíndo especificamente a columna correspondente ao “custo de vacacións”, e realiza o desagregado por categorías profesionais (técnicos, administrativos e persoal de oficios manuais). En consecuencia, non concorre o suposto de falta de detalle alegado polo recorrente que puidese dar lugar á aplicación dun coeficiente corrector ou penalización.

En segundo lugar, a argumentación do recorrente parte dunha premisa técnica incorrecta, ao pretender aplicar de maneira automática a porcentaxe do 8,33 % sobre o custo total de persoal consignado pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN, cifrado en 6.875.332,67 €, importe que inclúe conceptos retributivos de carácter persoal e non substituíble, tales como complementos “ad personam” e antigüidades consolidadas da plantilla subrogada. Cómpre engadir que o citado importe resulta do sumatorio da columna “TOTAL” do orzamento da oferta para o ano 1, columna que xa integra distintos conceptos retributivos, entre eles o “custo de vacacións” por importe de 327.029,88 €. En consecuencia, a aplicación do referido 8,33 % sobre unha base que xa inclúe este mesmo concepto suporía unha dobre contabilización do custo das vacacións, o que constitúe un erro metodolóxico de carácter básico que distorsiona á alza, de forma artificial e non xustificada, a estimación económica realizada.

Así mesmo, debe terse en conta que o persoal contratado para a cobertura das vacacións percibe exclusivamente as retribucións correspondentes á súa categoría profesional, sen devengar necesariamente os complementos persoais, antigüidades ou pluses individuais asociados ao traballador substituído. Polo tanto, a aplicación lineal do 8,33 % sobre a totalidade da masa salarial suporía unha sobreestimación artificial do custo real das substitucións, incorporando gastos que legalmente non teñen por que producirse nas contratacións temporais destinadas á cobertura vacacional.

Neste contexto, a previsión económica realizada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN para a cobertura de vacacións, por importe de 327.029,88 €,

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 173 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

responde a unha estimación axustada ao custo efectivo das contratacións temporais necesarias para garantir o servizo. A propia estimación municipal avala este criterio, xa que tampouco aplica o 8,33 % sobre o total íntegro da nómina, excluindo igualmente aqueles conceptos retributivos non substituíbles.

En terceiro lugar, non se aprecia tampouco a existencia de ningunha omisión da carga laboral obrigatoria nos termos previstos na cláusula 7.B.2.a.2 do PCAP. A UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN non exclúe nin deixa sen cobertura ningunha categoría de persoal nin posto de traballo esixido polo prego, senón que incorpora unha previsión económica específica para a cobertura das ausencias por vacacións. A eventual diverxencia entre o coeficiente orientativo utilizado no informe técnico e o aplicado polo licitador constitúe unha diferenza de criterio económico na estimación dos custos, pero non unha omisión da obriga de prestación do servizo.

Igualmente, conforme ao previsto na cláusula 28.1.a do PCAP, o contratista está obrigado a efectuar as substitucións precisas para garantir a correcta execución do contrato, sendo do seu cargo calquera incremento de custos que poida derivarse da insuficiencia das previsións inicialmente realizadas. En consecuencia, a execución do contrato réxese polo principio de risco e ventura do contratista, asumindo este a responsabilidade íntegra de garantir a cobertura efectiva do 100 % das vacacións do persoal adscrito ao servizo, sen posibilidade de repercutir tales custos á Administración.

Neste sentido, non concorre tampouco ningunha das causas de exclusión previstas na cláusula 14.5.2 do PCAP, xa que non existe falta de concordancia cos custos reais do contrato nin inviabilidade económica da oferta. Pola contra, a partida global de persoal consignada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN é superior á mínima prevista na licitación, o que evidencia a suficiencia financeira da oferta e a súa plena solvencia para asumir todas as obrigas laborais derivadas da execución contractual.

Por outra banda, con independencia do método de cálculo empregado para a determinación da porcentaxe correspondente aos custos de vacacións, debe sinalarse que o valor porcentual de referencia utilizado no informe técnico de valoración non ten carácter obrigatorio nin constituíu un requisito de cumprimento vinculante nos pregos. En consecuencia, non pode servir como criterio de inadmisión ou penalización da oferta, a diferenza doutros parámetros nos que os pregos si establecían expresamente limiares mínimos (1,5% para campañas de divulgación) e onde si se penalizou explicitamente a outros licitadores por non acadalo.

Finalmente, tampouco concorre un erro manifesto nin unha inviabilidade da oferta nos termos esixidos pola doutrina dos órganos de contratación. A oferta presentada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN resulta coherente no seu conxunto, respecta os requisitos establecidos nos pregos e foi considerada tecnicamente solvente polos servizos municipais competentes. A diferenza existente na metodoloxía de cálculo do custo das substitucións por vacacións non ten entidade suficiente para comprometer a execución global dun contrato de elevada complexidade e volume económico.

En consecuencia, procede desestimar integramente a alegación formulada por PRE-ZERO ESPAÑA SAU, ao non apreciarse nin redución artificial do prezo, nin ocultación de custos obrigatorios, nin incumprimento dos pregos que xustifique a exclusión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 174 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

da oferta ou a modificación da puntuación outorgada á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTÉN”.

Tanto con respecto a esta alegación como a anterior compre dicir que o recorrente parte de premisas erróneas na interpretación dos termos da oferta do adxudicatario e non demostra que a oferta da UTE sexa insuficiente para cubrir os custes salariais.

A técnica que subscribe comparte o criterio dos técnicos con relación a desestimación desta alegación.

3º.- Alegación quinta: incumprimento na oferta da UTE respecto á folia de especificacións do PCAP

Informa ao respecto o servizo xestor:

“O recorrente manifesta que a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN incumpriu os requisitos formais de presentación da documentación do Sobre B establecidos na cláusula 6 das FEC do PCAP. En concreto, sinala que os pregos esixían a presentación do Plan de Servizos distribuído en cinco arquivos dixitais diferenciados, correspondentes aos distintos apartados A.1 a A.5, con límites específicos de extensión, peso e nomenclatura.

Non obstante, afirma que o licitador presentou un total de seis arquivos no Sobre B, ao incorporar un arquivo independente para a declaración de confidencialidade, alterando así —ao seu xuízo— a estrutura de presentación expresamente prevista nos pregos e vulnerando a igualdade formal entre licitadores.

Sobre esta base, o recorrente entende que resultaba de aplicación a previsión contida no apartado 4 da cláusula 7.A.5 das FEC, conforme á cal debe descontarse un 30 % da puntuación correspondente cando a documentación dun criterio non reúna os requisitos de presentación establecidos no prego. En consecuencia, sostén que debía terse aplicado dita minoración á puntuación obtida pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN no Plan de Servizos, penalización que, segundo indica, non foi aplicada pola Administración contratante.

En relación á suposta incorrecta presentación da declaración de confidencialidade e á súa pretendida incidencia na valoración da citada oferta, cómpre sinalar que o documento adicional incorporado non forma parte do contido técnico do Plan de Servizos sometido a avaliación, senón que constitúe unha declaración de confidencialidade de natureza estritamente xurídico-administrativa, emitida ao abeiro do artigo 133 da LCSP, cuxa finalidade é garantir a protección de segredos comerciais e información sensible do licitador. Trátase, polo tanto, dun documento alleo ao criterio de adxudicación e carente de contido técnico avaliable, polo que a súa presentación separada non pode incidir na estrutura nin na integridade do Plan de Servizos nin, en consecuencia, na igualdade de trato entre licitadores.

A esixencia contida na cláusula 6 das FEC relativa á presentación do Plan de Servizos en cinco arquivos (A.1 a A.5) debe interpretarse en sentido funcional, circunscrita ao contido técnico obxecto de valoración, e non extensiva a documentación de carácter xurídico ou instrumental que non forma parte do criterio

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 175 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

avaliable. A UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN deu estrito cumprimento a dita esixencia ao estruturar correctamente a súa proposta técnica nos cinco arquivos previstos, sen que a incorporación dun documento adicional poida ser entendida como incumprimento material nin como alteración da configuración da oferta.

Neste sentido, a pretendida aplicación da penalización prevista no apartado 4 da cláusula 7.A.5 das FEC resulta improcedente, por canto a mesma está concibida para supostos de incumprimento substancial dos requisitos de presentación que afecten ao contido avaliable da oferta, tales como a omisión de arquivos esixidos, a ruptura da estrutura establecida ou o incumprimento das condicións formais con incidencia directa na avaliación técnica. Pola contra, a inclusión dunha declaración de confidencialidade non incide no criterio de xuízo de valor, non introduce contido técnico adicional nin altera a avaliación realizada pola Mesa de Contratación.

Ademais, o dereito á confidencialidade constitúe unha garantía expresamente recoñecida no PCAP e na normativa contractual, de maneira que a súa formalización mediante documento independente debe ser entendida como unha actuación orientada a reforzar a seguridade xurídica na identificación da información protexida, sen que iso poida ser cualificado como irregularidade nin como incumprimento dos requisitos de presentación.

Desde a perspectiva dos principios que rexen a contratación pública, en particular os de proporcionalidade, antiformalismo e libre concorrência, non resulta xustificado que un aspecto meramente formal e alleo ao contido técnico avaliable poida dar lugar a unha minoración tan significativa da puntuación, máxime cando non se acredita ningunha afectación á igualdade de trato, nin á transparencia do procedemento, nin á posibilidade efectiva de avaliación comparativa das ofertas.

En consecuencia, a interpretación sostida polo recorrente suporía unha aplicación excesivamente rigorista dos pregos, desconectada da finalidade real da norma contractual e contraria aos principios que deben rexer a avaliación das ofertas, polo que procede desestimar a alegación formulada ao non concorrer incumprimento dos pregos nin fundamento que xustifique a penalización solicitada”.

O recorrente non incumpriu a esixencia de que o plan de prestación do servizo conste de 5 arquivos dunhas determinadas características. Simplemente limitouse a engadir neste sobre un documento solicitando a confidencialidade dos documentos incluídos no mesmo. Á falla doutro sobre onde estea prevista a súa inclusión, parece razoable incorporalo ao que contén a oferta técnica cuxa confidencialidade se quere preservar. E tendo en conta a reiterada doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación acerca da contaminación de sobres, circunstancia moito máis grave que a inclusión dun documento non previsto nun sobre que non revela ningún dato con relación a oferta e non xera contaminación, parece desproporcionado aplicar consecuencias a este feito. Esta doutrina, que podemos aplicar nalgúns extremos por analoxía, está recollida, entre outras, na Resolución nº 594/2026, de 9 de abril de 2026, da Sección 1ª do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales -TA-CRC- (fundamento xurídico oitavo). Na parte que nos interesa afirma que:

“Lo verdaderamente relevante no es la forma en la que se presentan las ofertas, sino que se garanticen los principios de invariabilidad de la oferta y de igualdad de trato.

Ello exige que se cumplan dos requisitos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 176 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

- a) *que el error cometido no permita albergar ninguna duda sobre la verdadera voluntad de las licitadoras, y*
- b) *que ese error no impida al órgano de contratación evaluar las ofertas de forma objetiva.*

Se trata de una cuestión de equilibrio entre los principios de imparcialidad, igualdad de trato y objetividad, con los de concurrencia y proporcionalidad”.

Aplicando esta doutrina ao caso que nos ocupa podemos afirmar que carece de consecuencias a inclusión deste documento no sobre B e non supón o incumprimento dos requisitos de presentación do mesmo, polo que non procede anudar a este feito consecuencia ningunha. Tampouco se considera que deste xeito se estean conculcando os principios que rexen a contratación pública, en especial o de igualdade entre licitadores, pois non se acredita de modo ningún a suposta parcialidade dos técnicos á hora de valorar a oferta do adxudicatario. A informante comparte o criterio do servizo xestor e considera que procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación.

4º.- Alegación sexta: incumprimento na oferta da UTE por inclusión de elementos excluídos do obxecto da licitación

No informe do servizo xestor se di o seguinte sobre esta alegación:

“Prezero España SAU fundamenta a súa alegación en que a oferta presentada pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN incumpre o obxecto do contrato ao incluír no software de xestión da súa proposta técnica actuacións relativas ao mantemento e reparación de elementos expresamente excluídos polo PPT. En concreto, sinala que a cláusula 3 do PPT exclúe do ámbito do contrato, entre outros, as áreas de xogos infantís e as áreas biosaludables, ao estaren vinculados a outros contratos de mantemento diferentes.

Non obstante, segundo expón o recorrente, a oferta incorpora referencias e previsións na súa solución técnica relativas a ditos elementos, o que suporía unha indebida ampliación do obxecto contractual e, en consecuencia, unha vulneración dos pregos. A partir desta circunstancia, entende que dita oferta debería ter sido penalizada coa asignación de 0 puntos nos criterios de xuízo de valor, conforme ao previsto no PCAP para os supostos de incoherencia ou inclusión de aspectos non axustados ao obxecto do contrato.

Así mesmo, o recorrente engade que, pese ao anterior, o informe técnico de valoración tería outorgado á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN unha puntuación de 14 sobre 16 puntos en lugar dos 0 puntos que, a xuízo do recorrente, lle corresponderían legalmente.

En definitiva, PreZero sostén que a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN ofertou servizos sobre elementos alleos á licitación para obter unha vantaxe técnica, o que debería ter anulado a súa puntuación nos apartados afectados do Sobre B. Neste caso, compre sinalar que débese distinguir entre a capacidade funcional da ferramenta informática de xestión proposta polo licitador e a efectiva asunción de prestacións materiais de mantemento sobre determinados elementos. O feito de que o

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 177 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

software GIS presentado polo licitador incorpore información relativa a áreas infantís ou equipamentos biosaudables non implica, por si mesmo, que a adxudicataria estea ofertando a execución de tarefas de mantemento ou reparación sobre ditos elementos con cargo ao presente contrato.

Neste sentido, os pregos impoñen ao contratista a obriga de dispoñer dun sistema de información e inventario integral dos elementos existentes nos espazos verdes municipais, incluídos os elementos non vexetais situados nas zonas inventariadas, co fin de garantir unha cartografía completa e un coñecemento preciso da realidade física obxecto de xestión, en particular no relativo ao axuste de perímetros e ao cálculo de superficies de mantemento ordinario. Neste marco, resulta especialmente relevante a funcionalidade de xeración de buffers ou zonas de amortiguamento en áreas recreativas, entendidas como a creación dunha franxa ou perímetro de seguridade arredor destas instalacións co obxectivo de separar fisicamente as áreas activas (deportes e xogos infantís) do resto da zona verde, garantindo así a seguridade e a convivencia no espazo público. En consecuencia, a inclusión destes equipamentos na base de datos ou no sistema SIG responde directamente a esta esixencia de inventariado, localización xeográfica e análise espacial, sen que poida interpretarse como unha ampliación do obxecto contractual nin como a incorporación de prestacións materiais non previstas.

Así mesmo, as capturas de pantalla achegadas polo recorrente limitáanse a evidenciar a capacidade do sistema para integrar distintas capas de información, sen que iso supoña, en ningún caso, que o licitador pretenda executar prestacións de mantemento sobre os referidos elementos alleos ao alcance do contrato de zonas verdes. Trátase, pola contra, dunha funcionalidade de xestión integral da información que permite asociar documentación, mellorar a planificación do servizo e facilitar a toma de decisións, en liña co modelo de xestión intelixente previsto nos pregos.

Do mesmo xeito, a referencia a áreas infantís ou biosaudables debe entenderse no contexto de consultas de interese e explotación analítica da información (como indicadores ambientais, índices de polinización ou capacidade de absorción de CO₂), o que evidencia un coñecemento avanzado dos condicionantes do medio urbano e dos factores que inciden na planificación do servizo, sen que iso altere nin amplíe o alcance das prestacións contractuais.

Por outra banda, a presenza de módulos ou exemplos funcionais relacionados con áreas infantís debe interpretarse como unha demostración da robustez, versatilidade e capacidade técnica do software proposto, circunstancia plenamente coherente coa finalidade do criterio de valoración correspondente. O feito de que unha ferramenta informática sexa capaz de xestionar máis elementos dos estritamente incluídos no contrato non supón contradición nin incoherencia coa licitación, nin altera o obxecto contractual definido nos pregos.

En consecuencia, non concorren os presupostos para apreciar incoherencia da oferta nin para atribuír unha valoración de 0 puntos. Non existe contradición interna nin ampliación do obxecto contractual, toda vez que a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE - MANTÉN non inclúe no seu sobre económico prestacións relativas ao mantemento destes elementos nin as integra no cálculo de custos do servizo.

Finalmente, a apreciación dos aspectos técnicos das ofertas corresponde ao exercicio da discrecionalidade técnica da Administración, sen que se aprecie erro manifes-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 178 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

to nin arbitrariedade na puntuación outorgada. A cualificación responde á análise das funcionalidades da solución tecnolóxica ofertada, conforme aos criterios establecidos nos pregos, que valoran precisamente a capacidade de integración, análise e explotación da información dispoñible.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada polo recorrente, ao non apreciarse incumprimento dos pregos nin ampliación indebida do obxecto contractual pola mera capacidade da ferramenta informática para xestionar información relativa a elementos non incluídos nas prestacións materiais do contrato”.

Neste caso comparte tamén a informante o criterio dos técnicos do servizo xestor de propor ao Tribunal a desestimación desta alegación.

Recapitulando, unha vez analizadas as alegacións do recorrente acerca da valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, así como os informe técnicos do servizo xestor, de valoración do sobre B, e acerca do escrito de recurso, podemos afirmar que esta valoración encádrase no ámbito da denominada discrecionalidade técnica da Administración. Da lectura do informe técnico desprendese claramente que os técnicos respectaron as regras de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor incluídos no apartado 7.A da FEC do PCAP, que reproducimos a continuación:

“- Regras de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

Realizarase do seguinte xeito e por esta orde:

1. **Avaliación técnica de cada apartado.** *A puntuación para cada criterio asignarase tendo en conta as indicacións recollidas no mesmo, tendo en conta os seguintes aspectos:*
 - a) *O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes directos para a prestación dos servizos, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos.*
 - b) *O grado de detalle adecuado, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos.*
 - c) *A xustificación e coherencia da metodoloxía indicada para a execución dos traballos, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos menos para o apartado A.1.*
 - d) *A calidade dos medios, recursos ou procesos propostos en relación ao obxecto do contrato e os condicionantes do PPTP, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos.*
 - e) *A coherencia dos contidos expostos de acordo os medios e procesos propostos en relación cos requisitos mínimos obrigatorios descritos no PPTP, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos*

Para outorgar a puntuación de cada un dos criterios, outorgarase a maior puntuación á oferta que se considere que recolle con maior precisión e coñecemento os aspectos descritos e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 179 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a descrición do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co obxecto do contrato, conteña propostas incoherentes entre o ofertado e os recursos propostos, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio expediente de contratación a través dos pregos que definen o presente expediente.

2. **Suma da puntuación de cada apartado para obter a puntuación total dos criterios avaliados mediante xuízo de valor**
3. **Determinar se acada ou non o limiar mínimo de puntuación.** *Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.*
4. **Aplicación dos descontos que procedan.** *Cando a documentación dun criterio non reúna os requisitos de presentación indicados neste prego descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio”.*

Así, a maior puntuación do adxudicatario derivase do feito de que “recolle con maior precisión e coñecemento os aspectos descritos” e a puntuación dos demais licitadores outorgouse puntuándoos, “en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación”. Extremo que resulta patente tanto da lectura do informe técnico impugnado como da súa resposta as alegacións do recurrente.

Existe unha doutrina consolidada, tanto xurisprudencial, como administrativa, derivada tanto das resolucións dos tribunais administrativos de recursos contractuais como dos órganos consultivos que afirma que tales valoracións gozan dunha presunción de acerto e razoabilidade (STS de 18 de xullo de 2006), ao seren efectuadas por órganos especializados con coñecementos técnicos na materia. Se ben, está sometida a uns requisitos mínimos de motivación que permitan aos licitadores coñecer que concretos aspectos foron ponderados para chegar á puntuación que se atribúa pola mesa de contratación a cada apartado (fundamento de dereito oitavo da Resolución nº 366/2026, de 26 de febreiro de 2026, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales -TACRC).

Por todas citaremos a Resolución nº 1794/2025, que recolle no seu fundamento de dereito sexto a doutrina sobre a discrecionalidade técnica:

“Los órganos de contratación gozan de discrecionalidad técnica en la valoración de los criterios de adjudicación sujetos a un juicio de valor, de manera que este Tribunal debe limitarse a comprobar si, en este caso, se han seguido los trámites procedimentales y de competencia, analizar si se ha incurrido en error material, y si se han aplicado formulaciones arbitrarias o discriminatorias. Podemos citar a este respecto, por todas, la Resolución no 675/2021, de 4 de junio, que al respecto señala que: “En este sentido se ha pronunciado este Tribunal en múltiples ocasiones. Por todas en la Resolución no 77/2014, de 5 de febrero, citada en la no 190/2020, de 13 de febrero- citadas por la reciente Resolución no 1297/2020, de 20 de diciembre, donde decíamos que: “Por lo que se refiere a la pretensión de revisión de la puntuación obtenida en los criterios sometidos a un juicio de valor por la oferta técnica del recurrente debe acudirse a la doctrina de este Tribunal sobre la aplicación de los criterios no



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 180 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

valorables mediante fórmula y el carácter discrecional de su apreciación, según la cual, este Tribunal ha de limitarse a comprobar si se han seguido los trámites procedimentales y de competencia, analizar si se ha incurrido en error material y si se han aplicado formulaciones arbitrarias o discriminatorias. Así lo hemos reiterado en múltiples ocasiones (por todas, resolución 176/2011, de 29 de junio) al considerar que, a este tipo de criterios, les es de aplicación la jurisprudencia del Tribunal Supremo respecto de la denominada "discrecionalidad técnica" de la Administración.

En este mismo sentido, la resolución 189/2012 señalaba que la valoración de las ofertas de los licitadores en aquellos aspectos dependientes de juicios de valor por parte de la Mesa de contratación, constituye una manifestación particular de la denominada "discrecionalidad técnica" de la Administración, debiendo aplicarse la doctrina jurisprudencial elaborada, con carácter general, en relación con la posibilidad de revisión jurisdiccional de los actos administrativos dictados en ejercicio de las potestades discrecionales y, en particular, en relación con la actuación de las Mesas de contratación al valorar criterios subjetivos o dependientes de juicios de valor".

Por su parte, hemos señalado reiteradamente en nuestras resoluciones que sólo en aquellos casos en que la valoración deriva del error, la arbitrariedad o el defecto procedimental caber entrar, no tanto en su revisión, cuanto en su anulación-seguida de una orden de práctica de una nueva valoración de conformidad con los términos de la resolución que la acuerde-, a lo que se añade que, para apreciar la posible existencia de error en la valoración no se trata de realizar "un análisis profundo de las argumentaciones técnicas aducidas por las partes sino más exactamente y tal como la jurisprudencia ha puesto de manifiesto, de valorar si en la aplicación del criterio de adjudicación se ha producido un error material o de hecho que resulte patente de tal forma que pueda ser apreciado sin necesidad de efectuar razonamientos complejos".

A vista da citada doutrina podemos afirmar que a valoración técnica:

- 1) Non pode ser substituída polo criterio do órgano revisor. De feito, este non pode entrar na revisión da mesma, senón que no caso de que concorran determinadas circunstancias, citadas na letra c do apartado seguinte, deberá anulala (fundamento de dereito noveno da citada Resolución nº 366/2026, de 26 de febreiro de 2026, do TA-CRC)
- 2) Só é susceptible de control en supostos taxados. Este control se circunscribe a verificar:
 - a) O cumprimento das normas procedimentais
 - b) A correcta aplicación dos criterios establecidos nos pregos
 - c) A inexistencia de: erro material ou patente, arbitrariedade, discriminación ou falta de motivación

Así o pon de releve o TACGAL na Resolución nº 217/2025, de 11 de novembro de 2025 (fundamento de dereito sexto):

"(...) á discrecionalidade técnica do órgano de contratación, que goza dunha presunción de acerto e validez nos seus criterios técnicos, e sobre as posibilidades de revisión que lle corresponden a este Tribunal, referidas á comprobación da debida moti-

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 181 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

lación dos actos, de que non existan defectos formais, que non se utilicen criterios non previstos ou arbitrarios e que non existan erros materiais na valoración”.

No caso que nos ocupa, hai que por de releve as seguintes circunstancias:

- os criterios de adxudicación sometidos a xuízo de valor estaban claramente definidos nos pregos, así como as regras de valoración dos mesmos, antes citadas;
- a valoración foi realizada por órgano técnico competente consonte ao artigo 146 da LCSP, a Mesa de Contratación, se ben, solicitou asistencia para a valoración ao servizo xestor, tal e como permite o artigo 22.1.e do Real Decreto 817/2009. Este ao valorar respectou, tanto as normas de valoración do citado 146 como as que se desprenden do artigo 151, que regula a adxudicación do contrato e do propio prego;
- consta no expediente informe técnico debidamente motivado, que permite coñecer as razóns da puntuación outorgada;
- non se aprecia desviación dos criterios establecidos nin tratamento desigual entre licitadores.

As alegacións da entidade recorrente limitanse a expresar a súa discrepancia coa valoración, sen achegar proba suficiente da existencia de erro manifesto, arbitrariedade ou infracción do ordenamento xurídico. En consecuencia, non se desvirtúa a presunción de acerto das valoracións técnicas efectuadas. E non podemos esquecer que a carga da proba destas circunstancias correspóndelle ao recorrente, que as afirma. Máis as alegacións vertidas no escrito de recurso non acreditan a existencia de vicios que invaliden a actuación administrativa. Con respecto as alegacións primeira e segunda compre dicir que o recorrente non demostrou que a oferta da UTE sexa insuficiente para cubrir os custes salariais.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación das alegacións do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso, por canto non queda acreditada a existencia de erro material, arbitrariedade, discriminación nin falta de motivación na valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor.

-VI-

Conclusiones

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:39	Páxina 182 de 183
2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026	CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2096/1102

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

-VIII- Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(456).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 29/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:39

Páxina 183 de 183

2096-1102 Aprobado por XGL 05/06/2026

CSV: A3B7B6-28CE3H-B5CCEH-BU336W-7X6G98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>